I.E.S. Arcebispo Xelmirez I

Programación didáctica

Departamento de Matemáticas

Curso 2018-19

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS. DISTRIBUCIÓN DE GRUPOS E HORAS.

NIVEL	Nº GRUPOS	Nº HORAS/SEMANA	TOTAIS	TOTAL
1º ESO	3	5	15	
1º ESO	1 AGRUP ESP	5	3	
2º ESO	3	5	15	
2º ESO	1 AGRUP.ESP.	5	5	
3º ESO(Académicas)	3	4	12	
3º ESO (Aplicadas)	1	4	4	
4º ESO. (Académicas)	3	4	12	
4º ESO (Aplicadas)	1	4	4	
CMC(1º Bac)	*1*	1	1	
CCM(2º Bac)	1	1	1	
GG (1 ESO)	3	1	3	
1º BACH. CNS.	2	4	8	
1º BACH. CCSS	2	4	8	
2º BACH. CNS.	2	4	8	
2º BACH. CCSS	2	4	8	
ADULTOS CNS 1º CCSS 1º CNS 2º CCSS 2º CC(1º BACH)	 1 1 1 1 2	 4 4 4 4 2	 4 4 4 4 4	TOTAL
	36		115	

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS.

DISTRIBUCION DA DOCENCIA.
DISTRIBUCIÓN POR PROFESORES DO DEPARTAMENTO.

PROFESOR/A	NIVEL	GRUPOS	HORAS	TOTAL
Teresa Castro Paz	ESO Bacharelato	2 Grupo de 2º de bach C-T 1 Grupo CMC 1Grupo de 3º ESO	4+4+4+1	13
Peinador Veira, Mª Victoria	ESO Bacharelato	2 grupos de 1º de bach 1 Grupo de 3º de ESO 1Grupos de CMC(1º Bac) 1 Grupo de 1º ESO	4+8+1+5	18
Cecilia Pensado Banet	Bacharelato ESO	1 Grupo de 2º Bac 1 Grupo de 1º Bach 1 Grupo de 3º ESO	4+4+4	12
Mº Victoria Fraga González	Bacharelato ESO	1 Grupo de 1º de Bac 3Grupos de 1º ESO(GG) 1 Grupo de 2º Bach 1 Grupo de 4º ESO	4+3+4+4	15
Beatriz García Sanz	ESO	1 Agrup. de 1º ESO 1 Grupo de 1º ESO 1Grupo de 3º ESO		19
Rosa Caeiro Sánchez	ESO	1 Grupo de 1º ESO 1 Grupo de 2º ESO Agrup. de 2º ESO 1 Grupo de 4º ESO	5+5+5+4	19
Cruz López Quintela	ESO	1 Grupo de 2º ESO 2 Grupo de 4º ESO	5+4+4	13
Fernando Castro Rodríguez	Bacharelato de adultos	2 Grupos de 1º Bach 2 Grupos de 2º Bach 2Grupos de CC	4+4+4+4+4	20

A MATEMÁTICA: CONSIDERACIÓNS XERAIS.

Na sociedade do futuro (xa na actual), configurada progresivamente como unha sociedade do saber, a educación compartirá con outras instancias sociais a transmisión de información e coñecementos; pero acadará ainda maior relevancia a súa capacidade para ordealos críticamente, darlles un contido persoal e moral tendente a xerar actitudes, hábitos individuales e colectivos, desenrolar aptitudes, afianzar (adaptándoos as situacións emerxentes) os valores cos que nos identificamos individual e socialmente.

Tendo este marco por referencia, acéptase universalmente que as matemáticas xogan, e xogarán cada vez máis, un importante papel no que se entende no ámbito docente pola "formación integral do individuo", coas múltiples matizacións que se lle poidan dar a este concepto. Pero, a maiores, han de permitir os xóvenes ir modelando a sua propia identidade, cada un a súa, fundada en principios científicos sólidos e orientada por unhas guías éticas e sociáis claras e consistentes.

Por iso entendemos que a matemática debe cumplir fins de carácter formativo, intrumental e práctico.

O seu carácter formativo está avalado por esquemas de razoamento coma os seguintes:

a) Razonamiento cuantitativo.

Para establecer relacións de tipo cuantitativo, toda deducción sigue o esquema do razoamento matemático e adopta a sua linguaxe. Nese sentido pode dicirse que a matemática ocupa o lugar de disciplina rectora de tódalas ciencias físico-naturais; aínda máis, a elaboración racional de calqueira rama da ciencia faise a traveso do razoamento cuantitativo. Este aspecto xa foi posto de manifesto por Kant cando dixo: "unha ciencia é únicamente exacta na medida en que emprega a matemática".

b) Razoamento cualitativo.

O esquema de razoamento que vai dende as premisas e hipóteses á tesis, a traveso dun camiño deductivo, é análogo o que unha persoa percorre cando, coñecidos certos feitos, pretende establecer conclusións razoadas a partires deles. De ahí que a disciplina mental que pode aportar esta materia prepara, quizáis como ningunha outra, ó espírito humano para analizar e deducir en calqueira tipo de contextos.

c) Comparación do método inductivo e deductivo.

O razoamento, que chamamos cualitativo, non é modelo único de razoamento. É somentes unha das formas estructurais do raciocinio. Outra, tamén moi importante, é o razoamento inductivo, aplicado frecuentemente á adquisición de coñecementos por vía experimental. No raciocinio humano xogan ámbolos métodos papeis complementarios.

É proveitoso ter en conta as opinións de relevantes persoeiros do mundo científico, que consideran coma un dos obxectivos da ciencia sustituir ou aforrar experiencia a traveso da reproducción e anticipación de resultados pola vía teórica. A memoria é mais versátil ca experiencia práctica e, moitas veces, abonda para alcanzar os mesmos obxectivos.

Os logros científicos transmítense o traveso do sistema educativo, de maneira que un home pode beneficiarse da práctica e coñecementos doutro, aforrándose o traballo de reproduci-los mesmos feitos repetidas veces. Á linguaxe, entendida coma instrumento de comunicación é, por sí mesma, una disciplina capaz de aforrar tempo, esforzo, experiencia e tamén cartos.

Ista é a opinión de Ernst Mach, para quen a tarefa do científico consiste en usar os medios mais sinxelos e dereitos para obter conclusións. Nun sistema así, a matemática ten que ocupar un papel central porque ofrece un modelo de expresión frugal, o seu método adoita ser económico e proporciona

axeitados modelos para examinar, orientar os experimentos e poñer a proba as teorías. O tempo encargóuse de confirma-las palabras de Galileo: "A matemática é o alfabeto co que Deus estibiu o Universo".

Ista área de coñecemento foi o instrumento co que a física, química, astronomía, economía, toda a técnica e, recentemente, tamén as ciencias sociais e humanas, se estructuraron, conseguindo acadar o desenrolo e a perfección con que hoxe as coñecemos.

Sobre probas, avaliacions e recuperacións.Reclamacións.

- Con carácter xeral, nos cursos da ESO , **faránse dúas probas escritas por avaliación**. Comprenderá toda a materia explicada nela e versará, na súa maior parte sobre os niveis e contidos mínimos que lle permitirán, o alumno que os manexe axeitadamente, aprobala . Pero as probas terán tamén preguntas e exercicios, (ou apartados deles), dunha dificultade crecente para que amosen, o máis claramente posible, os diferentes graos de competencia na asignatura que os alumnos alcancen. De tódolos xeitos coidaráse que o contido das probas sexa equilibrado e se axuste o tempo de que se dispoña.
- Nos distintos exercicios de examen que se fagan, indicaráse a puntuación que corresponde a cada un deles
- Nas probas que teñan un carácter individual o profesor indicará con anticipación o material que se precisa para face-la (que, de ordinario será: papel, lápiz ou bolígrafo, regra se fose precisa, e/ou calculadora). Fará as indicacións oportunas do xeito máis breve posible o comenzo da proba, procurando non interrumpirla con indicacións sucesivas que desconcentran e perturben o traballo dos alumnos. **Desenrolaranse as probas con orde e en silencio, para que cada un poida concentrarse no seu traballo. Se algún alumno tenta copiar por outro e/ou comunicarse con él dalgún xeito, será advertido polo profesor, chegando a retirárselle o exame se persiste na súa actitude. A cualificación otorgada a proba, nese caso, será de cero puntos. Cando se observe que se están a empregar medios ilícitos (libros, follas, chuletas, medios electrónicos ou calqueira outro) retirarase a proba de xeito inmediato, otorgándolle a mesma a cualificación de cero puntos.**

  Se unha vez cualificada unha proba se advirte unha coincidencia entre o desenrollado por dous ou mais alumnos, mais aló do que se pode considerar razonable, o profesor poderá facerlles a todos eles ou a quen considere oportuno , cantas probas crea necesarias para mellor avaliar os seus coñecementos. Tomará as medidas oportunas de vixiancia e control nas sucesivas probas que lles faga.

  Cando un alumno, logo de ser advertido da súa conducta, impida o normal e axeitado desenrolo dunha proba, será enviado o profesor de garda e/ou o cargo directivo correspondente, comunicándolle seguidamente e por escrito, ante o xefe de estudios o comportamento observado. **O Departamento considera este extremo como unha falta grave e o profesor solicitará, na antedita comunicación, que así o considere o Consello Escolar.**. Preténdese garantir deste xeito, o dereito que os restantes alumnos teñen a non seren molestados no seu traballo, nun intre de relevancia cara as súas cualificacións é avaliación.
- Como as dúas, tres, e nalgúns casos, as catro primeiras semanas do curso adícanse a repasar operacións e conceptos importantes do curso anterior, e costume facer unha proba de seguido que **cumprirá as funcións de avaliación inicial**, facilitándolle o profesor información sobor dos coñecementos e habilidades previas cas que os alumnos chegan a cada curso.
- **Cada profesor fará, a maiores, as probas que estime necesarias, tanto orais coma escritas, para avaliar mais obxectivamente o rendemento dos alumnos**. Estas cualificacións, xunto cas apreciacións do aproveitamento e traballo na clase, axudarán a

configurar a cualificación da avaliación. O traballo na clase suporá , por acordo do Departamento, un 20% da calificación final nos cursos da ESO, e un 10% no Bacharelato. No caso dos cursos de adultos E.S.A. valolaráse nun 20%. Mais adiante desglosaremos as cualificacións cualitativas (traballo na clase).

- O profesor controlará e comprobará a realización do traballo encomendado, xa sexa con chamadas na clase, xa ó recoller traballos ou exercicios que o alumno teña que resolver na clase, ou na casa, xa co control de traballo en grupo, etc. Concederáselle un peso importante na cualificación de cada avaliación a realización de tarefas que, diariamente se vaian encomendando (en especial na ESO, pois no bacharelato hai menos tempo para ese control debido o programa que se debe explicar).
- Respetando os criterios anteriores, **a cualificación da avaliación será unha ponderación das probas realizadas e do traballo individual feito na clase, procurando manter criterios racionais e comúns para cada curso por parte dos diferentes profesores**.
- Cada profesor comunicarálle aos seus alumnos os correspondentes mecanismos de recuperación, que consistiran nun melloramento sustancial e apreciable da actitude e da aprendizaxe do alumno ao longo do curso, xunto coa realización dalgunha proba específica daqueles temas a recuperar. Tanto no caso de que as probas de recuperación se fagan integradas nas probas ordinarias da avaliación na que se esté nese momento, coma no caso de que se fagan probas de recuperación independentes (extremo que cada profesor decidirá según lle pareza mais oportuno), **haberá de amosarse que se acadaron os niveis mínimos esixidos**. En ningún caso estos niveis se relaxarán nin se suavizarán xa que se farían inxusticias comparativas cos que aprobaron nas avaliacións ordinarias.
- Os alumnos que aprobaron unha avaliación, se o desexan, terán a oportunidade de incrementar (se procede) a súa cualificación concurrindo as probas de recuperación da mesma (cando se fagan de xeito independente), ou con probas específicas, sempre que amosen os coñecementos suficientes para iso.
- **As probas de setembro para Bacharelato seguirán as pautas dadas para as que se fagan o longo do curso. No segundo curso de Bacharelato constarán de preguntas e cuestións semellantes as das probas de acceso a universidade, e seguiranse as indicacións que fagan os coordinadores da asignatura da CIUGA. Seguiranse criterios de corrección semellantes os empregados nas aludidas probas de acceso e non se poderá deixar en branco máis da terceira parte da proba.**
- **Para a ESO, as probas de setembro fundamentaranse sobre os coñecementos mínimos esixibles en cada curso pero terán unha gradación na súa dificultade de xeito que, para acadar as cualificacións máis altas, o alumno teña que amosar unha competencia na materia superior a necesaria para obter un aprobado simple. As probas serán elaboradas polo Departamento e terán preguntas de todas as partes da asignatura que foran impartidas por todos os profesores do mesmo curso. Procurarase que o número de preguntas e a súa complexidade esté axeitada o tempo de que se dispoña. As probas serán cualificadas polo Departamento, segundo se determine, pero procurando que os alumnos dun curso sexan cualificados por profesores que impartiron ese curso (se iso**

non fose posible, decidiríase, no seu día, a maneira de facelo). Todos os alumnos dun mesmo curso farán a mesma proba.

- **O longo do curso, segundo se vaia vendo cal é a marcha da asignatura nos diferentes grupos e cursos, o Departamento tomará as decisións que estime oportunas para un mellor aproveitamento do tempo e dos recursos. Establecerá e, se o ve conveniente, cambiará a orde na que se impartan os diferentes temas, dará mais prioridade ou peso a uns ou a outros, modificará os criterios de avaliación, etc., deixando constancia das decisións mais importantes no libro de actas.**
- Entendemos por **instrumentos da avaliación** aquelas técnicas e recursos dos que o profesor se sirve para evaluar o rendimento dos alumnos.

  Aténdonos a constancia documental ou a súa ausencia, distinguimos aqueles que estarán permanentemente en poder do profesor (ben sexan probas, traballos, etc.), daqueles outros que non están no seu poder (controles que, unha vez revisados, son devoltos; chamadas na clase, observación do traballo feito na clase e/ou na casa, atención prestata, etc.).

  Dado que o traballo feito polos alumnos, indicativo das capacidades que se van acadando ou mellorando, debe poder ser avaliado por axentes externos ó propio profesor (xa sexa polo conxunto do Departamento, ben polas autoridades educativas competentes), parece axeitado conceder un maior peso na avaliación ós intrumentos que quedan en poder do profesor que a aqueles dos que non queda constancia documental permanente, sin que esto supoña subvalorar o traballo cotiá do alumno e o esforzo e interese por aprender. Polo tanto terán un peso mais importante na avaliación os primeiros ca os segundos, xa que non sempre se pode dispoñer de observacións persoais frecuentes e o bastante precisas que acrediten, con unha fiabilidade suficiente, que o observado corresponde, efectivamente, o esforzo persoal do alumno e non a intervención de terceiras persoas**. .** Cada profesor resolverá as reclamacións que os alumnos manifesten relativas as súas cualificacións, tanto nas diferentes probas coma na global de cada avaliación.
- Unha vez cualificada **cada proba, os alumnos terán a oportunidade de ver o exame no que, o profesor, destacará os erros e incorreccións apreciadas, as apreciacións sobor do bon facer que estime oportunas, así coma a puntuación acadada en cada pregunta e a puntuación total da proba. Esta información, xunto ca restante que o profesor posúa, facilitaráselle igualmente os pais ou titores legais que a soliciten. De igual xeito daráselle as oportunas explicacións sobor da cualificación otorgada en cada avaliación.**
- **Se, referente a cualificación global de cada avaliación, os pais dalgún alumno expresaran formalmente e por escrito, reclamación a mesma; ésta será resolta polo conxunto dos profesores que impartan docencia no curso en cuestión e polo Xefe do Departamento**.
- Dado que tanto os alumnos como os seus pais ou titores legais, se poden poñer en contacto cada semana co profesor correspondente, ben a traveso do titor ben na titoría de atención a pais, **enténdese que a recepción das cualificacións dunha avaliación supón a aceptación das da avaliación anterior (agás as da recuperación) se non foron obxecto de reclamación formal e por escrito**. **Non caberá alegar descoñecemento dado que os pais/titores son informados a comenzo do curso das horas de atención semanais por parte dos titores e, igualmente, deben devolver asinadas por eles un resguardo de recepción das cualificacións en cada avaliación.**
- **Se un alumno non poidera presentarse, por unha causa razoable e xustificable, a algunha das dúas últimas probas da terceira avaliación (especialmente a última, cando xa prácticamente, non hai tempo de repeti-la), ademais de avisar previamente o titor ou, como moi tarde, o mesmo día da proba; deberase aportar certificado médico oficial (en caso de enfermidade) e, en calquera outro caso, documento que acredite tal imposibilidade.** Nese caso, sempre que fose posible, o alumno afectado fará a proba pendente. Se non fose posible realiza-la avaliarase cos datos de que se dispoña.

. Unha vez o titor comunique o profesor a dita xustificación, este comunicará o alumno/s a nova data en que terá lugar a proba pendente.

- **As reclamacións as cualificacións finais do curso, e as probas extraordinarias de setembro, serán resoltas polo conxunto do Departamento en reunión a tal fin. As decisións adoptaránse por maioría simple, resolvendo os posibles empates o voto de calidade do Xefe do Departamento.**

- **As reclamacións das cualificacións das probas extraordinarias de setembro entenderanse que afectan única e exclusivamente a ditas probas, sen que proceda analizar as realizadas durante o curso** (pois a reclamación das mesmas, de terse producido, xa estará resolta).

Alumnos con Matemáticas pendentes de 1º de Bacharelato.-

NOTA: O indicado a continuación entenderase válido unicamente para alumnos pendentes de primeiro curso de Bacharelato.faranse dúas probas parciais a finais de xaneiro e a comenzos de abril. Cada unha das probas comprenderá unha metade da asignatura. Os alumnos que non superen algunha delas farán unha proba final na primeira quincena de maio. Para cada unha das dúas probas parciais o departamento entregará os alumnos implicados unha guía con indicacións sobor do que teñen que repasar e as leccións e os exercicios do texto que deben facer e/ou repasar con mais detalle.

- Baixo a supervisión de Departamento, daranse as orientacións oportunas para cada curso e cada avaliación.
- O Departamento fixará, de acordo ca Xefatura de Estudios, as datas das probas de avaliación tentando que non coincidan cas avaliacións ordinarias do curso no que se encontren os alumnos afectados.
- As probas de avaliación e recuperación seguirán as pautas dadas para a avaliacion e recuperación dos alumnos en xeral. Tanto as probas coma a súa cualificación serán supervisadas polo Departamento.
- A maiores das probas de avaliación e recuperación, poderanse facer outras de carácter parcial, exercicios e/ou traballos se se estima necesario para avaliar os coñecementos dos alumnos. As avaliacións seguirán as pautas dadas para todos os alumnos.
- A materia que comprenda cada avaliación sincronizarase, no que sexa posible, ca que nesa avaliación se esté impartindo no curso no que se encontran os alumnos afectados, de tal xeito que, por exemplo, se no segundo curso de bacharelato se estudiase o análise na primeira avaliación, o alumno con matemáticas pendentes do primeiro curso examinarase dese mesmo bloque na asignatura pendente. Así, o que o alumno estudie no curso no que se atopa sírvelle de repaso da materia pendente.

Alumnos pendentes da ESO.-

Daráselle por aprobada a asignatura pendente si van aprobando as avaliacións da asignatura de Matemáticas do curso que estudian actualmente. En caso contrario efectuarán unha proba no mes de de maio

SOBRE ALUMNOS CON ESPECIAIS DIFICULTADES NA ASIGNATURA.

O Departamento entende que aqueles alumnos da educación secundaria con dificultades especiais nesta materia deben elixir os agrupamentos específicos da materia como a mellor maneira de poder axudar a superar as súas carencias.

O longo do curso, os profesores irán seleccionando os posibles candidatos para formar parte dos programas de diversificación curricular, así como os dos agrupamentos específicos do vindeiro ano.

SUXESTIÓNS PARA O PROFESORADO CON ALUMNADO CON **TDAH.**

Estratexias expositivas. - A memoria de traballo do alumnado con TDAH pode presentar algunhas dificultades: capacidade limitada pola cantidade de información que pode reter simultáneamente, e escasa duración temporal na que se pode manter. Para compensar esta carencia, á hora de explicar, o profesorado debe ter en conta as seguintes estratexias:

_ Antes de empezar, ha de asegurarse de que atende.
- Utilizar frases curtas e claras.
- Manter o contacto visual e permanecer cerca.
- Focalizar a atención nos conceptos clave.
- Utilizar estímulos audiovisuais e modificar o ritmo da exposición, coas debidas pausas.
- Presentar a idea principal explícitamente ao principio da explicación.
- Utilizar estratexias de categorización e imaxes mentais de conceptos.
- Implicar ao alumno, promovendo a súa participación con preguntas sinxelas.
- Proporcionarlle un sistema de titoría dun compañeiro ou dunha compañeira que lle axude a revisar os puntos fundamentais da explicación, e promover que o alumnado con TDAH explique os conceptos a estudantes con mais dificultades ca el. Por outra parte, o profesorado debe asegurarse de que o alumnado o mira aos ollos, que entende o exposto e, de ser o caso, que copiou o sinalado. Con esta finalidade formularánselle algunhas preguntas para que as poida responder correctamente.

Exames ou probas escritas.- Para mellorar o éxito das probas escritas é necesario:

- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
-Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo.
- Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observan que están incompletos.
- Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (oral , escrita ou coas novas tecnooxías).
- Pactar a fórmula mais idónea para realizar os exames (oral ou utilizando o ordenador), debido as dificultades de escritura dalgun alumnado con TDAH.
- Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa dirección.
-Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes mais importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.
- Deixar suficiente espacio entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución.
- posibilitar que as nenas e os nenos que o desexen poidan recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.
- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

A implantación da ESO incorporou as aulas a un alumnado con unhas inquedanzas moi dispares; con capacidades, habilidades, coñecementos e actitudes tan diferentes que supoñen un auténtico desafío para o profesor –tamén para o sistema educativo- con consecuencias non suficientemente previstasno seu momento e, a data de hoxe, sen medios axeitados para palialas.

Os problemas que tal diversidade de intereses e capacidades prantexan deixanse sentir con mais intensidade na nosa asignatura ,debido ás dificultades que por sí mesma encerra.

Esta situación ven a acentuar mais ainda a contradicción entre o ensino activo, onde o alumno realiza unha aprendizaxe significativa e pode ir construindo (ou participando co seu traballo) na construcción do seu propio coñecemento; e o tempo que se lle dedica; sabendo que debería ser necesariamente maior que nun tipo de ensino deductivo, mais alonxado dos procesos constructivos e experimentais.

Pero, dentro do marco xurídico-administrativo no que nos movemos e, como profesores, temos que facer o posible por atender o mais eficazmente que poidamos a todos os alumnos, facendo compatible esta atención co desenrolo dunha programación que trate de conseguir os obxectivos que se establecen para a educación secundaria en xeral, e para a área de matemáticas de modo particular.

Para poder dotarnos dun marco común de actuación que poida servir de orientación para os profesores, entendemos que cada grupo pode considerarse dividido (simplificando a situación) en tres niveis, a saber:

O nivel baixo, no que situaríamos a aqueles alumnos que non dominan, ou teñen serias dificultadades para a comprensión dos conceptos e procedementos que se desenrolan na asignatura.

O nivel intermedio, no que encuadraríamos os alumnos que mostran unha aceptable comprensión dos conceptos e procedementos desenrolados.

Por último están os alumnos mais aventaxados, que amosan maiores capacidades no estudio e comprensión da asignatura.

Desde logo, na exposición dos temas e nas tarefas de iniciación que se fagan partirase de graos de dificultade baixos co fin de que poidan conectar con eles os alumnos que teñan unha menor base matemática. Pero ainda así, constatamos que algúns non alcanzan o nivel mínimo que permita seguir a marcha do curso. Para eles seleccionaranse exercicios de mais baixo nivel que, sobre os distintos bloques, elaborará o departamento en forma de boletíns. Segundo indique o profesor, o alumno faraos na clase e/ou na casa e, de xeito periódico, serán supervisados polo profesor.

Naqueles casos nos que haxa un profesor de apoio para atender ós alumnos con dificultades, será él que levará a iniciativa na axuda e control da aprendizaxe, descargando parcial ou totalmente o profesor do grupo desta tarefa.

Os alumnos de nivel intermedio acostuman a comprender, con máis ou menos dificultades, as explicacións e, de ordinario, van progresando a medida que participan e fan as tarefas encomendadas. A eles diríxesa a maior parte da actividade na aula.

Sen embargo, aqueles alumnos con una maior capacidade para as matemáticas precisan maiores desafíos na aula para que a súa curiosidade e inquedanza non disminuia. Para eles están dedicados os apartados de ampliación e/ou profundización que aparecen na maioría dos libros de texto. O profesor aclarará as dúbidas que prantexen e supervisará o traballo con periodicidade.

Cando o Departamento –ou algún profesor- o estime conveniente, pódenselle dar a eses alumnos boletíns de exercicios e actividades que, no tempo indicado, traerán feitas para que se valore o esforzo e o traballo que supoñen e se fagan as orientacións que estime axeitadas.

No tempo normal de clase, non vemos outro xeito máis eficaz de facer compatible o avance necesario na asignatura ca atención a grande diversidade de alumnos que temos nas aulas. Sabemos que, ainda así, non é posible atender adecuadamente nin os de máis baixo nivel nin tampouco a aqueles con unha destacada capacidade para as matemáticas pero, no actual marco educativo, e ca experiencia que nos vai dando o traballo diario na aula é o que, ata o momento, vemos que podemos facer, aínda que con moita dificultade e non sempre o conseguimos

Matemáticas. Organización do currículo.

Introdución

As matemáticas facilítannos interpretar o mundo que nos rodea, reflicten a capacidade creativa, expresan con precisión conceptos e argumentos, favorecen a competencia para aprender a aprender e conteñen elementos de gran beleza, sen esquecer ademais o carácter instrumental que as matemáticas teñen como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas, nomeadamente no proceso científico e tecnolóxico, e como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "Competencia matemática" e "Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

O currículo de Matemáticas está organizado en cinco bloques; todos eles teñen a mesma importancia na formación integral da cidadanía do século XXI, e así debe transmitirse ao alumnado, garantindo que ao remate de cada ciclo ninguén se vexa minguado por razóns de distribución de contidos ou doutra índole.

A este respecto, cómpre sinalar que o currículo non debe verse como un conxunto de bloques independentes. É necesario que se desenvolva de xeito global, pensando nas conexións internas da materia, tanto dentro do curso como nas distintas etapas. Esta globalidade é salientable no que afecta ao bloque un, "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", que evoluciona desde a resolución de problemas en primeiro de ESO ata as demostracións formais do segundo curso do bacharelato. Trátase dun bloque transversal a toda a materia. A súa incorporación dentro dos outros bloques será a principal responsable da adquisición das competencias clave e garante da inclusión de temas interdisciplinares e transversais. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das Matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables. Neste proceso están involucradas todas as competencias: a comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema; a

competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; a competencia aprender a aprender, tomando conciencia do proceso desenvolvido, das respostas logradas e das que aínda quedan por resolver; e a competencia de conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Seguindo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros; unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que permitirá fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

No desenvolvemento do currículo preténdese que os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados. Os novos coñecementos que se deben adquirir teñen que apoiarse nos xa conseguidos: os contextos deben ser elixidos para que o alumnado se aproxime ao coñecemento de forma intuitiva mediante situacións próximas a este, e vaia adquirindo cada vez maior complexidade, ampliando progresivamente a aplicación a problemas relacionados con fenómenos naturais e sociais e a outros contextos menos próximos á súa realidade inmediata.

Durante os primeiros cursos é necesario que o alumnado alcance soltura suficiente no cálculo, sempre apoiado na adquisición do sentido numérico, que abrangue cálculo mental, estimación e dominio reflexivo das propiedades e operacións. Posteriormente, ao longo das etapas educativas, o alumnado debe progresar na adquisición das habilidades de pensamento matemático; debe pasar de conseguir dominar os cálculos e as súas ferramentas a centrarse, xa no bacharelato, en desenvolver os procedementos e a capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar de xeito matemático diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Os procedementos, os razoamentos, a argumentación e a expresión matemática das situacións e dos problemas han contribuír de maneira especial a lograr a adquisición das competencias clave.

As Matemáticas na ESO

Obxectivos da ESO:

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia e a solidariedade,exercitarse no diálogo e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe.

c) Valorar e respectar a diferencia de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles.Rexeitar a discriminación de persoas por razón de sexo ou por calquera outra circunstancia pèrsoal ou social.Rexeitar todo tipo de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as suas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, asi como rexeitar a vilencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacíficamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información.Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxias,especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias.

g) Desenvolver o esprito emprendedor e de confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítco, a iniciativa persoal para aprender a aprender,planificar,tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección,oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou mais linguas extranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer , valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer homes e mulleres que realizaron achegas im'portantes á cultura da sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a sua diversidade, respectando as diferencias e aceptando o funcionamento do propio corpo e o de outras persoas.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas.

ñ) Coñecer e vaslorar os aspectos básicos do patrimonio lingüistico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na sua conservación e na sua mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contesto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

(**Nota: no que sigue da programación, os obxectivos serán citados polos apartados correspondentes: a, b, c,.....)**

Procedementos e criterios para a avaliación.

PROCEDEMENTOS DA AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	SISTEMA DE CUALIFICACIÓN
Traballo desenvolvido cada dia. Análise da actitude e das tarefas na clase. Valoración cuantitativa (análise das cualificacions) Valoración cualitativa de cada alumno (intervencions, saidas á pizarra e outras puntualizacións)	Avaliación dos estándares de aprendizaxe por bloque. Avaliacións de contidos, probas correspondentes Bloque/Unidade. Avaliación por competencias, probas correspondentes a Bloque/ Unidade. Probas de avaliación externa. Outros documentos gráficos. Debates e intervencións. Traballos persoais ou grupais. Elaboracións multimedia. Outros.	a) **cualificación cuantitativa:** Na avaliación dos estándares de aprendizaxe que aparecen nos indicadores de logro por Bloque/Unidade, cada actividade terá unha calificación de 0 a 10 puntos. Sendo de 10 si a obtención do indicador de logro que corresponda ao estándar de aprendizaxe é correcta, e si se comenten erros redúcese a nota en función dos fallos detectados. b) **cualificación cualititativa** A través do traballo do alumno na clase, actitude e observación directa. A cualificación será a suma do apartado a) 80% e do apartado b) 20% no caso dos cursos da ESO. A cualificación cualitativa (20%,) desglosaráse nos seguintes apartados:. -Atención na clase, copiando do encerado e das explicacións do profesor.(25%). - Resolución de deberes e traballos encomendados (25%). - Salidas á pizarra resolvendo ben os exercicios (25%) - Presentación de libretas cos exercicios e problemas desenvoltos na clase (25%)- O incumprimento dalgun dos apartados suporá a disminución da calificación na proporción correspondente. **O alumnado que supere o 50% dos indicadores de logro relacionados cos estándares de aprendizaxe dun curso, será avaliado positivamente.**

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN.

Observación directa da actitude na clase-0BS

Probas orais- PO

Probas escritas- PE

Exame periódico da caderno da clase- CAD

1º de ESO-Os contidos mínimos coinciden cos indicadores de logro

	Matemáticas. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Indicadores de logro
	Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas			Proc. Instr.Avalia.	
f h	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT/ **OBS,PO,PE.**	Comprende o enunciado dun problema con números naturais
e f h	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).	CMCCT/ **OBS,PE**	Razona o enunciado establecendo relacións entre os datos
			MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.	CMCCT/ **PE**	Interpreta a información dun enunciado e establece relacións co número de solucións
			MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.	CMCCT/ **OBS,PE**	Interpreta o enunciado e elabora distintas teses
			MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.	CMCCT CAA/ **OBS,PO**	Analiza o proceso que se sigue para chegar á solución
b e f g h	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito	B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.	MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.	CMCCT CCEC/ **OBS,PO,PE**	Analiza situacións en contextos matemáticos, identifica patróns e leis matemáticas
			MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade.	CMCCT/ **PE**	Analiza situacions en contextos matemáticos identifica leis matemáticas e valora a sua utilidade

		Matemáticas. 1º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Indicadores de logro
	individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.			Proc. Instr. Aval.	
b e f	B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.	B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.	MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.	CMCCT/ **OBS,PO**	Analiza situacións en contextos matemáticos, identifica patrons e leis e apoiándose neles resolve problemas
			MAB1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.	CMCCT CAA/ **OBS,PE**	Valora e identifica patróns e leis matemáticas e a sua utilidade na resolución de problemas
b f h	B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.	B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.	MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).	CCL CMCCT/ **PO**	Utilizando linguaxe alxebraico, resolve exercicios expoñendo os resultados de xeito simplificado
a b c d e f g	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.	MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CMCCT CSC/ **OBS,PO**	Relaciona os problemas con situacións da realidade
			MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT CSIEE/ **OBS,PE**	A traves dos problemas conecta o mundo real co mundo matemático
			MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns	CMCCT/ **PE**	Emprega modelos matemáticos sinxelos para prantexar e resolver

		Matemáticas. 1º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Indicadores de logro
			problemas dentro do campo das matemáticas.	Proc.Instr.Avaliac	problemas
			MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CMCCT/ **PE**	Desenvolve procesos no contexto da realidade
			MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	CMCCT/ **PO,PE**	Resolve problemas e interpreta a sua solución nun contexto real
b e f g	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.	CMCCT CAA CSC/ **PO**	Resolve problemas en contextos da vida cotiá
a b c d e f g l m n ñ o	B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.	B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).	CMCCT CSIEE CSC/ **OBS,PE**	Nun contexto real resolve problemas e interpreta solucións
			MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT/ **PE**	Contextualiza o problema para analizálo na vida cotiá
			MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.	CMCCT/ **PE**	Coñece a diferencia entre problemas e exercicios
			MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.	CMCCT CAA CCEC/ **OBS,PO,PE**	Coñece a diferencia entre problemas e exercicios e resólveos en función das suas características
			MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CMCCT CSIEE CSC/ **OBS**	Aprende a traballar en equipo
b	B1.6. Confianza nas propias capacidades para	B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a	MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de	CMCCT	Analiza e investiga a natureza do

		Matemáticas. 1º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetenciasClave Proc.Instr.Avaliac.	Indicadores de logro
g	desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	resolución de situacións descoñecidas.	resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	CSIEE/ **CAD,OBS,PE**	problema tomando decisións neste proceso
b g	B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras.	MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares.	CMCCT CAA/ **OBS,PO**	Analiza o problema resolto, valorando as ideas clave utilizadas
e f g	B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.	B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	MAB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízaas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	CMCCT CD/ **OBS,PO**	Emprega axeitadamente ferramentas tecnolóxicas
			MAB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	CMCCT/ **OBS,PO**	Emprega ferramentas tecnolóxicas
			MAB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.	CMCCT/ **OBS,CAD**	Emprega ferramentas tecnolóxicas para representacións gráficas
As matemáticas teñen un carácter instrumental como base para o progreso na adquisición de contidos doutras disciplinas. Por exemplo, na economía, a teoría económica explica os fenómenos económicos cunha base matemática. A teoría de xogos ou a teoría da decisión son outro exemplo das aplicacións neste campo. Na socioloxía e nas ciencias políticas emprégase cada vez con maior frecuencia a análise de enquisas, entre outras aplicacións. Tampouco debe esquecerse a contribución das matemáticas a outras áreas como a xeografía, a historia ou a arte, onde tiveron unha recoñecida influencia e, en xeral, serviron como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea, e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Isto consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para o lograr, cómpre analizar a situación; identificar o que é verdadeiramente salientable; establecer relacións; facer a modelización e ser quen de representala e de comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros; formular outros problemas, outras preguntas e, mesmo, atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes adecuadas para expresar as ideas matemáticas e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipótese e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na futura vida profesional.

Seguindo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros; unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que ha permitir fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

A materia de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais está dividida en dous cursos: o seu ensino débese comezar tendo en conta o grao de adquisición da competencia matemática que o alumnado logrou a longo da ESO. Para lograr esta continuidade, igual que acontece no currículo

básico das materias de matemáticas de ESO, os coñecementos, as competencias e os valores están integrados, e formuláronse os estándares de aprendizaxe avaliables tendo en conta a relación necesaria entre os devanditos elementos, tamén en bacharelato.

A materia estrutúrase en torno a catro bloques de contido: "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas", "Números e álxebra", "Análise", e "Estatística e probabilidade".

O bloque de "Procesos, métodos e actitudes en matemáticas" é común aos dous cursos e transversal: débese desenvolver simultaneamente ao resto de bloques de contido e é o eixe fundamental da materia; articúlase sobre procesos básicos e imprescindibles no quefacer matemático: a resolución de problemas, proxectos de investigación matemática, a matematización e modelización, as actitudes adecuadas para desenvolver o traballo científico e a utilización de medios tecnolóxicos. Incorporouse a este bloque a maioría das competencias clave e os temas transversais, o que permite a súa adquisición e o seu desenvolvemento, respectivamente, ao longo de toda a materia. Nel establécense dous dos eixes fundamentais no proceso de ensino e aprendizaxe das matemáticas: a resolución de problemas e os proxectos de investigación. A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; os pensamentos abstracto, algorítmico, e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables.

Neste proceso están involucradas todas as competencias: a de comunicación lingüística, ao ler de xeito comprensivo os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua na medida en que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; e a conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Os elementos que constitúen o currículo básico en primeiro curso fundamentan os principais conceptos dos bloques de contido, ademais de ofrecer unha base sólida para a interpretación de fenómenos sociais nos que interveñen dúas variables. En segundo curso, afóndase nas achegas da materia ao currículo do bacharelato, en particular mediante a inferencia estatística, a optimización e a álxebra lineal.

1º de bacharelato-Os contidos mínimos corresponden cos indicadores de logro

	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Proc.Inst.Avaliac.	Indicadores de logro
	Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas				
e i	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun	MACS1B1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun	CCL CMCCT/**OBS,PO**	Espresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.

	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Pr,Ins.Aval.	Indicadores de logro
		problema.	problema, coa precisión e o rigor adecuados.		
i l	B1.3. Análise dos resultados obtidos: revisión das operacións utilizadas, coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, procura doutras formas de resolución e identificación de problemas parecidos. B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: relación con outros problemas coñecidos, modificación de variables e suposición do problema resolto.	B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MACS1B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado que cumpra resolver (datos, relacións entre os datos, condicións, coñecementos matemáticos necesarios, etc.).	CMCCT/ **OBS,PO**	Analiza e comprende o enunciado que cumpra resolver.
			MACS1B1.2.2. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e eficacia.	CMCCT/ **OBS,PO**	Realiza estimacións e elabora conxecturas dos problemas que cumpra resolver , constatando a súa validez
			MACS1B1.2.3. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso seguido.	CMCCT CAA/ **PO,PE**	Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razonamento,reflexionando sobre o proceso seguido.
g i	B1.4. Elaboración e presentación oral e/ou escrita de informes científicos sobre o proceso seguido na resolución dun problema, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas. B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e a organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitación da comprensión de	B1.3. Elaborar un informe científico escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	MACS1B1.3.1. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación.	CMCCT/ **PE**	Usa a simboloxía e a linguaxe adecuadas
			MACS1B1.3.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.	CMCCT/ **PO,PE**	Utiliza argumentos,xustificacións e razoamentos coherentes.
			MACS1B1.3.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, á situación que cumpra resolver ou á propiedade ou o teorema que se vaia	CMCCT CD/ **PE**	Para cada tipo de problema ou teorema utiliza as ferramentas tecnolóxicas adecuadas.

	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Pr.Ins.Aval.	Indicadores de logro
	conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo, e as conclusións e os resultados obtidos. Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.		demostrar.		
i l m	B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou contextos do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.	B1.4. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.	MACS1B1.4.1. Coñece e describe a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática: problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc.	CMCCT/ **PO,PE**	Coñece a estructura do proceso que se sigue ao longo dunha investigación matemática: obxectivos, hipóteses,metodoloxia,resultados,etc.
			MACS1B1.4.2. Planifica adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.	CMCCT CSIEE/ **OBS,PE**	Planifica adecuadamente o proceso de investigación tendo en conta o contexto no que se desenvolve o problema plantexado.
h i l n	B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou contextos	B1.5. Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir da resolución dun problema e o	MACS1B1.5.1. Afonda na resolución dalgúns problemas formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os	CMCCT/ **OBS,PE**	Afonda na resolución dalguns problemas formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados.

	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Pr.Ins.Aval.	Indicadores de logro
	do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.	afondamento posterior; da xeneralización de propiedades e leis matemáticas; e do afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos.	resultados, etc.		
			MACS1B1.5.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; ciencias sociais e matemáticas, etc.).	CMCCT CSC CCEC/ **OBS,PO**	Encontra conexións entre o mundo real e o mundo das matemáticas.
e g i	B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou contextos do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade. B1.8. Elaboración e presentación dun informe científico sobre o procedemento, os resultados e as conclusións do proceso de investigación desenvolvido.	B1.6. Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados.	MACS1B1.6.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación.	CMCCT/ **OBS**	Busca fontes de información adecuadas ao problema investigado.
			MACS1B1.6.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto do problema de investigación.	CMCCT/ **PO,PE**	Utiliza a linguaxe e a simboloxía adecuados ao contexto do problema de investigación.
			MACS1B1.6.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.	CCL CMCCT/ **PO,PE**	Utiliza argumentos,xustificacións e razoamentos explícitos e coherentes.
			MACS1B1.6.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación, tanto na procura de solucións coma para mellorar a eficacia na comunicación das ideas matemáticas.	CMCCT CD/ **OBS,PE**	Emprega adecuadamente as ferramentas matemáticas adecuadas a cada tipo de problema
			MACS1B1.6.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.	CCL/ **OBS,PO**	Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación

	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Pr.Ins.Aval.	Indicadores de logro
			MACS1B1.6.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos, formula posibles continuacións da investigación, analiza os puntos fortes e débiles do proceso, e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.	CMCCT/ **OBS,CAD,PO**	Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións,analiza os puntos débiles e fortes do proceso, e fai explícitas as súas impresións sobre a experiencia
i l	B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade.	B1.7. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións problemáticas da realidade.	MACS1B1.7.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.	CMCCT CSC/ **OBS,PE**	Identifica problemas da vida real susceptibles de ser representados por problemas de interese.
			MACS1B1.7.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, así como os coñecementos matemáticos necesarios.	CMCCT/ **OBS,PE**	Conecta problemas do mundo real con problemas do mundo matemático identificando os problemas matemáticos que aparecen no contexto real.
			MACS1B1.7.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos axeitados que permitan a resolución do problema ou dos problemas dentro do campo das matemáticas.	CMCCT/ **OBS,PE**	Constrúe e usa modelos matemáticos que permitan a resolución do problema dentro do campo das matemáticas.
			MACS1B1.7.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.	CMCCT **OBS,PE**	Interpreta a solución m matemática dentro do contexto da realidade.
			MACS1B1.7.5. Realiza	CMCCT	Valora os modelos utilizados

	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Pr.Ins.Aval.	Indicadores de logro
			simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.	**PE**	realizando predicións e simulacións e propon melloras que aumenten a sua eficacia.
i	B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade.	B1.8. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.	MACS1B1.8.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre os logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc., valorando outras opinións.	CMCCT/ **PO,PE**	Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre os logros conseguidos valorando outras opinións.
a b c d e f g h i l n ñ o p	B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade.	B1.9. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.	MACS1B1.9.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, etc.).	CMCCT CSC CSIEE/ **OBS,CAD**	Desenvolve actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas(esforzo, perseveranza, flexibilidade, aceptación da crítica razoada, autoanálise contínuo,tolerancia da frustración,etc.)
			MACS1B1.9.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.	CMCCT/ **PE**	Plantéxase a resolución de problemas coa precisión e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.
			MACS1B1.9.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular ou formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados achados, etc.	CMCCT CAA/ **OBS,PE**	Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formularse preguntas e atopar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados achados.

	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Pr.Ins.Aval.	Indicadores de logro
			MACS1B1.9.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.	CSC CSIEE/ **OBS**	Desenvolve habilidades sociais de cooperación e de traballo en equipo.
b i l m	B1.9. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.10. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.	MACS1B1.10.1. Toma decisións nos procesos (de resolución de problemas, de investigación, de matematización ou de modelización), valorando as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.	CMCCT CSIEE/ **PO,PE**	Supera bloqueos e inseguridades nos procesos de investigación e de resolución de problemas,tomando decisións e valorando as consecuencias destas.
b i l	B1.9. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.11. Reflexionar sobre as decisións tomadas, valorando a súa eficacia, e aprender diso para situacións similares futuras.	MACS1B1.11.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprende diso para situacións futuras.	CMCCT CAA/ **PO,PE**	Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das suas estructuras, das ideas utilizadas e aprendendo para situacións futuras.
g i	B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e a organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. Deseño de simulacións e	B1.12. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	MACS1B1.12.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízaas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.	CD CMCCT/ **PE**	Realiza todo tipo de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos usando ferramentas tecnolóxicas cando a dificultade non aconselle facelos manualmente.
			MACS1B1.12.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	CMCCT/ **PE**	Utiliza medios tecnolóxicos para representar gráficas de funcións con expresións alxébricas mais ou menos complexas, extraendo información sobre elas.

	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Pro.In.Aval.	Indicadores de logro
	elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.				
			MACS1B1.12.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.	CMCCT/ **PE**	Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.
			MACS1B1.12.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.	CMCCT/ **PE**	Estudia problemas xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas.
			MACSB1.12.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.	CMCCT/ **PE,OBS**	Efectúa tratamento de datos e gráficas estatísticas usando medios tecnolóxicos coa finalidade de extraer informacións e elaborar conclusións.
e g i	B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e a organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. Elaboración de	B1.13. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados, para facilitar a interacción.	MACS1B1.13.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.	CD/ **OBS,PE**	Elabora documentos dixitais propios , como resultado da busca e análise de información, utilizando ferramenta tecnolóxica adecuada.
			MACS1B1.13.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.	CCL/ **PO**	Expón oralmente os contidos traballados na aula utilizando os recursos creados.
			MACS1B1.13.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a	CD CAA/	Utiliza adecuadamente os medios tecnolóxicos para mellorar o proceso de aprendizaxe, analizando os puntos fortes e débiles do seu proceso educativo.

	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Pr.Ins.Aval.	Indicadores de logro
	informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.		información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.	**OBS,PE**	
	Bloque 2. Números e álxebra				
i	B2.1. Números racionais e irracionais. Número real. Representación na recta real. Intervalos. B2.2. Aproximación decimal dun número real. Estimación, redondeo e erros. B2.3. Operacións con números reais. Potencias e radicais. Notación científica.	B2.1. Utilizar os números reais e as súas operacións para presentar e intercambiar información, controlando e axustando a marxe de erro esixible en cada situación, en contextos da vida real.	MACS1B2.1.1. Recoñece os tipos números reais (racionais e irracionais) e utilízaos para representar e interpretar axeitadamente información cuantitativa.	CMCCT/ **PO,PE**	Identifica cada número real co seu conxunto numérico, representa axeitadamente información cuantitativa
			MACS1B2.1.2. Representa correctamente información cuantitativa mediante intervalos de números reais.	CMCCT/ **PE**	Representa os números na recta real mediante intervalos,entornos e semirrectas.
			MACS1B2.1.3. Compara, ordena, clasifica e representa graficamente calquera número real.	CMCCT/ **OBS,PE**	Entende que os números reais son un conxunto totalmente ordenado
			MACS1B2.1.4. Realiza operacións numéricas con eficacia, empregando cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou programas informáticos, utilizando a notación máis axeitada e controlando o erro cando aproxima.	CMCCT/ **PE**	Realiza todo tipo de operacións numéricas, usando se fora preciso a calculadora ou programas informáticos, utilizando a notación mais axeitada e acotando erros cando se fagan aproximacións.
i	B2.4. Operacións con capitais financeiros. Aumentos e diminucións porcentuais. Taxas e xuros bancarios.	B2.2. Resolver problemas de capitalización e amortización simple e composta utilizando parámetros de	MACS1B2.2.1. Interpreta e contextualiza correctamente parámetros de aritmética mercantil	CMCCT/ **PO,PE**	Interpreta correctamente os parámetros de aritmética mercantil para resolver problemas de matemática financieira.

	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Pr.Ins.Aval.	Indicadores de logro
	Capitalización e amortización simple e composta. B2.5. Utilización de recursos tecnolóxicos para a realización de cálculos financeiros e mercantís.	aritmética mercantil, empregando métodos de cálculo ou os recursos tecnolóxicos máis axeitados.	para resolver problemas do ámbito da matemática financeira (capitalización e amortización simple e composta) mediante os métodos de cálculo ou recursos tecnolóxicos apropiados.		
i	B2.6. Polinomios. Operacións. Descomposición en factores. B2.7. Ecuacións lineais, cuadráticas e reducibles a elas, exponenciais e logarítmicas. Aplicacións. B2.8. Sistemas de ecuacións de primeiro e segundo grao con dúas incógnitas. Clasificación. Aplicacións. Interpretación xeométrica. B2.9. Sistemas de ecuacións lineais con tres incógnitas: método de Gauss. B2.10. Formulación e resolución de problemas das ciencias sociais mediante sistemas de ecuacións lineais.	B2.3. Transcribir a linguaxe alxébrica ou gráfica situacións relativas ás ciencias sociais, e utilizar técnicas matemáticas e ferramentas tecnolóxicas apropiadas para resolver problemas reais, dando unha interpretación das solucións obtidas en contextos particulares.	MACS1B2.3.1. Utiliza con eficacia a linguaxe alxébrica para representar situacións formuladas en contextos reais.	CMCCT/ **PE**	Opera e factoriza polinomios e utiliza a linguaxe alxébrica para resolver problemas reais.
			MACS1B2.3.2. Resolve problemas relativos ás ciencias sociais mediante a utilización de ecuacións ou sistemas de ecuacións.	CMCCT/ **PE**	Resolve problemas da realidade utilizando ecuacións e sistemas de ecuacións.
			MACS1B2.3.3. Realiza unha interpretación contextualizada dos resultados obtidos e exponos con claridade.	CMCCT/ **PE,PO**	Interpreta os resultados obtidos e expónos con claridade.
	Bloque 3. Análise				
i	B3.1. Resolución de problemas e interpretación de fenómenos sociais e económicos mediante funcións. B3.2. Funcións reais de variable real. Expresión dunha función en forma alxébrica, por medio de táboas ou de gráficas. Características dunha función. B3.3. Identificación da expresión analítica e	B3.1. Interpretar e representar gráficas de funcións reais tendo en conta as súas características e a súa relación con fenómenos sociais.	MACS1B3.1.1. Analiza funcións expresadas en forma alxébrica, por medio de táboas ou graficamente, e relaciónaas con fenómenos cotiáns, económicos, sociais e científicos, extraendo e replicando modelos.	CMCCT/ **OBS,PE**	Estudia funcións expresadas en forma alxébrica relacionándoas con fenómenos cotiás, económicos, sociais e científicos.
			MACS1B3.1.2. Selecciona adecuadamente e razoadamente eixes, unidades e escalas, recoñecendo e	CMCCT/ **PE**	Representa gráficamente unha función elexindo eixos adecuados, así como unidades e escalas.

	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Pr.Ins.Aval.	Indicadores de logro
	gráfica das funcións reais de variable real (polinómicas, exponencial e logarítmica, valor absoluto, parte enteira, e racionais e irracionais sinxelas) a partir das súas características. Funcións definidas a anacos.		identificando os erros de interpretación derivados dunha mala elección, para realizar representacións gráficas de funcións.		
			MACS1B3.1.3. Estuda e interpreta graficamente as características dunha función, comprobando os resultados coa axuda de medios tecnolóxicos en actividades abstractas e problemas contextualizados.	CMCCT/ **PO,PE**	Interpreta gráficamente as características dunha función, comprobando o resultado coa axuda de medios tecnolóxicos.
¡	B3.4. Interpolación e extrapolación lineal e cuadrática. Aplicación a problemas reais.	B3.2. Interpolar e extrapolar valores de funcións a partir de táboas, e coñecer a utilidade en casos reais.	MACS1B3.2.1. Obtén valores descoñecidos mediante interpolación ou extrapolación a partir de táboas ou datos, e interprétaos nun contexto.	CMCCT/ **PE**	Aplica a problemas reais problemas de extrapolación lineal e cuadrática.
¡	B3.3. Identificación da expresión analítica e gráfica das funcións reais de variable real (polinómicas, exponencial e logarítmica, valor absoluto, parte enteira, e racionais e irracionais sinxelas) a partir das súas características. As funcións definidas a anacos. B3.5. Idea intuitiva de límite dunha función nun punto. Cálculo de límites sinxelos. O límite como ferramenta para o estudo da continuidade dunha función. Aplicación ao estudo das asíntotas.	B3.3. Calcular límites finitos e infinitos dunha función nun punto ou no infinito, para estimar as tendencias.	MACS1B3.3.1. Calcula límites finitos e infinitos dunha función nun punto ou no infinito para estimar as tendencias dunha función.	CMCCT/ **OBS,PE**	Estudia o concepto de límite e calcula límites finitos e infinitos
			MACS1B3.3.2. Calcula, representa e interpreta as asíntotas dunha función en problemas das ciencias sociais.	CMCCT/ **PE**	Calcula e interpreta as asíntotas dunha función.
¡	B3.5. Idea intuitiva de límite dunha función nun punto. Cálculo de límites sinxelos. O límite como ferramenta para o	B3.4. Coñecer o concepto de continuidade e estudar a continuidade nun punto en funcións	MACS1B3.4.1. Examina, analiza e determina a continuidade da función nun punto para extraer	CMCCT/ **PE**	Concepto de función contínua nun punto, aplicación en casos da vida real. Estudio de discontinuidades.

	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Pr.Ins.Aval.	Indicadores de logro
	estudo da continuidade dunha función. Aplicación ao estudo das asíntotas.	polinómicas, racionais, logarítmicas e exponenciais.	conclusións en situacións reais.		
i	B3.6. Taxa de variación media e taxa de variación instantánea. Aplicación ao estudo de fenómenos económicos e sociais. Derivada dunha función nun punto. Interpretación xeométrica. Recta tanxente a unha función nun punto. B3.7. Función derivada. Regras de derivación de funcións elementais sinxelas que sexan suma, produto, cociente e composición de funcións polinómicas, exponenciais e logarítmicas.	B3.5. Coñecer e interpretar xeometricamente a taxa de variación media nun intervalo e nun punto como aproximación ao concepto de derivada, e utilizar as regra de derivación para obter a función derivada de funcións sinxelas e das súas operacións.	MACS1B3.5.1. Calcula a taxa de variación media nun intervalo e a taxa de variación instantánea, interprétaas xeometricamente e emprégaas para resolver problemas e situacións extraídas da vida real.	CMCCT/ **PE**	Calcula e interpreta xeométricamente os conceptos de taxa de variación media e taxa de variación instantánea.
			MACS1B3.5.2. Aplica as regras de derivación para calcular a función derivada dunha función e obter a recta tanxente a unha función nun punto dado.	CMCCT/ **PE**	Interpretación xeométrica do concepto de derivada. Regras par obter a función derivada dunha función.
	Bloque 4. Estatística e Probabilidade				
i l	B4.1. Estatística descritiva bidimensional: táboas de continxencia. B4.2. Distribución conxunta e distribucións marxinais. B4.3. Distribucións condicionadas. B4.4. Medias e desviacións típicas marxinais e condicionadas. B4.5. Independencia de variables estatísticas.	B4.1. Describir e comparar conxuntos de datos de distribucións bidimensionais, con variables discretas ou continuas, procedentes de contextos relacionados coa economía e outros fenómenos sociais, e obter os parámetros estatísticos máis usuais mediante os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora, folla de cálculo) e valorando a dependencia entre as variables.	MACS1B4.1.1. Elabora e interpreta táboas bidimensionais de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables numéricas (discretas e continuas) e categóricas.	CMCCT/ **CAD,PE**	Elabora e interpreta táboas bidimensionais de frecuencias con variables numéricas (dis cretas e contínuas)
			MACS1B4.1.2. Calcula e interpreta os parámetros estatísticos máis usuais en variables bidimensionais para aplicalos en situacións da vida real.	CMCCT/ **PE**	Estuda os parámetros estatísticos mais usuais das variables bidimensionais.
			MACS1B4.1.3. Acha as distribucións marxinais e diferentes distribucións condicionadas a partir dunha táboa de continxencia, así como os seus parámetros, para aplicalos en situacións da vida	CMCCT/ **PE**	Calcula as distribucións marxinais e diferentes distribucións condicionadas así como os seus parámetros para aplicalos en situacións da vida real.

	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Pr.Ins.Aval.	Indicadores de logro
			real.		
			MACS1B4.1.4. Decide se dúas variables estatísticas son ou non estatisticamente dependentes a partir das súas distribucións condicionadas e marxinais, para poder formular conxecturas.	CMCCT/ **PE**	Analiza si dúas variables estatísticas son dependentes estatísticamente a partir das suas distribucións marxinais e condicionadas, para poder formular conxecturas.
			MACS1B4.1.5. Avalía as representacións gráficas apropiadas para unha distribución de datos sen agrupar e agrupados, e usa axeitadamente medios tecnolóxicos para organizar e analizar datos desde o punto de vista estatístico, calcular parámetros e xerar gráficos estatísticos.	CMCCT/ **CAD,PO,PE**	Avalía as representacións gráficas apropiadas para unha distribución de datos e usa medios tecnolóxicos para organizar e analizar datos dende o punto de vista estatístico.
i l	B4.6. Dependencia de dúas variables estatísticas. Representación gráfica: nube de puntos. B4.7. Dependencia lineal de dúas variables estatísticas. Covarianza e correlación: cálculo e interpretación do coeficiente de correlación lineal. B4.8. Regresión lineal. Predicións estatísticas e fiabilidade destas. Coeficiente de determinación	B4.2. Interpretar a posible relación entre dúas variables e cuantificar a relación lineal entre elas mediante o coeficiente de correlación, valorando a pertinencia de axustar unha recta de regresión e de realizar predicións a partir dela, avaliando a fiabilidade destas nun contexto de resolución de problemas relacionados con fenómenos económicos e sociais.	MACS1B4.2.1. Distingue a dependencia funcional da dependencia estatística e estima se dúas variables son ou non estatisticamente dependentes mediante a representación da nube de puntos en contextos cotiáns.	CMCCT/ **PE**	Diferencia entre dependencia funcional e dependencia estatística e estima a dependencia estatística mediante a representación da nube de puntos.
			MACS1B4.2.2. Cuantifica o grao e o sentido da dependencia lineal entre dúas variables mediante o cálculo e a interpretación do coeficiente de correlación lineal para poder obter conclusións.	CMCCT/ **PE**	Calcula o coeficiente de correlación lineal para obter unha cuantificación da dependencia lineal entre duas variables.
			MACS1B4.2.3. Calcula e representa as rectas de regresión	CMCCT/ **PE**	Calcula as rectas de regresión e obtén predicións a partir

	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Pr.Ins.Aval.	Indicadores de logro
			de dúas variables e obtén predicións a partir delas.		delas.
			MACS1B4.2.4. Avalía a fiabilidade das predicións obtidas a partir da recta de regresión mediante o coeficiente de determinación lineal en contextos relacionados con fenómenos económicos e sociais.	CMCCT/ **OBS,PE**	Analiza a fiabilidade das predicións feitas a partir das rectas de regresión mediante o coeficiente de determinación lineal, en contextos relacionados con fenómenos económicos ou sociais.
i l	B4.9. Sucesos. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a regra de Laplace e a partir da súa frecuencia relativa. Axiomática de Kolmogorov. B4.10. Aplicación da combinatoria ao cálculo de probabilidades. B4.11. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos. B4.12. Variables aleatorias discretas. Distribución de probabilidade. Media, varianza e desviación típica. B4.13. Distribución binomial. Caracterización e identificación do modelo. Cálculo de probabilidades. B4.14. Variables aleatorias continuas. Función de densidade e de distribución. Interpretación da media, varianza e desviación típica. B4.15. Distribución normal. Tipificación da distribución normal. Asignación de probabilidades nunha	B4.3. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos, utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de reconto e a axiomática da probabilidade, empregando os resultados numéricos obtidos na toma de decisións en contextos relacionados coas ciencias sociais.	MACS1B4.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos, condicionada ou non, mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de reconto.	CMCCT/ **PE**	Calcula a probabilidade de sucesos ,condicionada ou non, mediante a regra de Laplace, a axiomática de Kolmogorov e distintas técnicas de reconto.
			MACS1B4.3.2. Constrúe a función de probabilidade dunha variable discreta asociada a un fenómeno sinxelo e calcula os seus parámetros e algunhas probabilidades asociadas.	CMCCT/ **PE**	Constrúe a función de probabilidade dunha variable aleatoria discreta e calcula os seus parámetros e algunhas probabilidades asociadas.
			MACS1B4.3.3. Constrúe a función de densidade dunha variable continua asociada a un fenómeno sinxelo, e calcula os seus parámetros e algunhas probabilidades asociadas.	CMCCT **PE**	Constrúe a función de densidade dunha variable aleatoria contínua e calcula os seus parámetros e algunhas probabilidades asociadas.

	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Pr.Ins.Aval.	Indicadores de logro
	distribución normal.				
i l	B4.12. Variables aleatorias discretas. Distribución de probabilidade. Media, varianza e desviación típica. B4.13. Distribución binomial. Caracterización e identificación do modelo. Cálculo de probabilidades. B4.14. Variables aleatorias continuas. Función de densidade e de distribución. Interpretación da media, varianza e desviación típica. B4.15. Distribución normal. Tipificación da distribución normal. Asignación de probabilidades nunha distribución normal. B4.16. Cálculo de probabilidades mediante aproximación da distribución binomial pola normal.	B4.4.Identificar os fenómenos que poden modelizarse mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal, calculando os seus parámetros e determinando a probabilidade de sucesos asociados.	MACS1B4.4.1. Identifica fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial, obtén os seus parámetros e calcula a súa media e a desviación típica.	CMCCT/ **PO,PE**	Identifica fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial,obtén os seus parámetros e calcula a media e a desviación típica.
			MACS1B4.4.2. Calcula probabilidades asociadas a unha distribución binomial a partir da súa función de probabilidade ou da táboa da distribución, ou mediante calculadora, folla de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica, e aplícaas en diversas situacións.	CMCCT/ **PE**	Calcula probabilidades asociadas a unha distribución binomial utilizando a función de probabilidade ou a táboa de distribución ou outra ferramenta tecnolóxica.
			MACS1B4.4.3. Distingue fenómenos que poden modelizarse mediante unha distribución normal, e valora a súa importancia nas ciencias sociais.	CMCCT/ **OBS,PE**	Distingue fenómenos que poden modelizarse mediante unha distribución normal.
			MACS1B4.4.4. Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución normal a partir da táboa da distribución ou mediante calculadora, folla de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica, e aplícaas en diversas situacións.	CMCCT/ **PE**	Calcula probabilidades de sucesos que poden modelizarse mediante a distribución normal a partir da táboa de distribución ou utilizando a calculadora ou outra ferramenta tecnolóxica.
			MACS1B4.4.5. Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial a partir da súa aproximación pola	CMCCT/ **PE**	Aproximación da distribución binomial pola normal, valorando si se dan as condicións necesarias para que sexa válida.

	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Proc.Inst.Aval.	Indicadores de logro
			normal, valorando se se dan as condicións necesarias para que sexa válida.		
e i	B4.17. Identificación das fases e as tarefas dun estudo estatístico. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística, interpretando a información, e detectando erros e manipulacións.	B4.5. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando un conxunto de datos ou interpretando de xeito crítico informacións estatísticas presentes nos medios de comunicación, a publicidade e outros ámbitos, e detectar posibles erros e manipulacións tanto na presentación dos datos coma das conclusións.	MACS1B4.5.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística.	CCL/ **PO,PE**	Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística.
			MACS1B4.5.2. Razoa e argumenta a interpretación de informacións estatísticas ou relacionadas co azar presentes na vida cotiá.	CMCCT/ **PO,PE**	Analiza e interpreta as informacións estatísticas ou relacionadas co azar presentes na vida cotiá.

2º de bacharelato-Os contidos mínimos corresponde co apartado indicadores de logro.

	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Pr.Ins.Aval.	Indicadores de logro
	Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas				
e i	B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	B1.1. Expresar verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema.	MACS2B1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.	CCL CMCCT/ **OBS,PO**	Expresa verbalmente e de xeito razoado o proceso seguido na resolución de problemas.
i l	B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: Relación con otros problemas coñecidos. Modificación de variables. Suposición do problema resolto. B1.3. Análise dos resultados obtidos: revisión das operacións utilizadas, coherencia das solucións	B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	MACS2B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado que cumpa resolver (datos, relacións entre os datos, condicións, coñecementos matemáticos necesarios, etc.).	CMCCT/ **OBS,PO**	Analiza e comprende o enunciado que cumpra resolver.
			MACS2B1.2.2. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os	CMCCT	Elabora conxecturas e elabora estimacións valorando finalmente

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CompetClave Pr.Ins.Aval.	Indicadores de logro
	coa situación, revisión sistemática do proceso, procura doutros xeitos de resolución e identificación de problemas parecidos.		resultados dos problemas que cumpra resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e a súa eficacia.	**OBS,CAD**	a sua eficacia.
			MACS2B1.2.3. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso seguido.	CMCCT CAA/ **PE**	Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.
A calculadora pode e debe empregarse nas situacións que o requiran, e debe entenderse como un elemento auxiliar que axuda a face-las contas, a comprobar situacións e resultados pero que non é un fin en sí mesma. O profesor debe ensinar o seu uso e as funcións que se van aprendendo pouco a pouco, así como as situacións en que se empregan.

Xeralmente os alumnos gústalles empregar as novas máquinas pero coa calculadora, a diferencia do teléfono móbil, non mostran o mesmo empeño ou, se o teñen, non pasan das catro operacións simples e directas; porque require de método, duns mínimos coñecementos básicos que motiven e fundamenten o seu uso correcto en operacións encadeadas, e de sentido crítico para analizar os resultados que se obteñen. Por iso require a dirección experta do profesor para que a poidan empregar en tarefas cada vez mais complexas, con propiedade, racionalidade e sentido crítico, o mesmo tempo que lles fai ver o tremendo alcance de cálculo que se pode obter con ela. Sen esa dirección estes alumnos non saberán usar-la calculadora mais alá das catro operacións elementales e con datos sinxelos, descoñecendo para qué serven tantos botóns e funcións que teñen.

Posto que postulamos unha ensinanza activa, os alumnos han de facer eles mesmos as figuras xeométricas coas que van a traballar. O Departamento ten algúns materiais que se empregarán sempre que o profesor o estime oportuno, como son figuras xeométricas, dominós de fraccións, decimales, cartas para traballar diferentes partes da asignatura., etc.

Respetaranse, en todo caso os seguintes principios:

1) A metodoloxía será práctica e activa, de maneira que o alumno encontre sentido no aprendizaxe.
2) O profesor será un dinamizador do aprendizaxe e un motivador da autoestima.

3) Debe incrementarse a comunicación para detecta-las dificultades e decidir sobre as axudas que son necesarias.
4) O traballo debe controlarse de forma constante e frecuente.
5) O nivel de complexidade das dificultades modificarase con fin de diminui-las dificultades.
6) Realiza-las actividades propostas polos alumnos e que sexan factibles.
7) Deben darse prioridade os contidos procedimentais e, dentro destes, os de carácter práctico e instrumental, e a aqueles que se consideren "chave" para outros de maior relevancia.
8) Favorecerase a confianza nas propias capacidades para afrontar dificultades e buscar solucións.
9) Necesítase partir do nivel evolutivo do alumnado, tanto das posibilidades de razoamento e aprendizaxe coma dos coñecementos previos que posúe.
10) Adecuaranse as estratexias de aprendizaxe ás capacidades individuais do alumnado.
11) Tratasase de que as aprendizaxes sexan significativas, que se integren na estructura de coñecemento do alumnado, evitando aprendizaxes mecánicas ou memorísticas.
12) Realizaranse aprendizaxes funcionais, de forma que o alumnado perciba a utilidade das mesmas, tanto cara a un aproveitamento en aprendizaxes posteriores coma no desenvolvemento da vida diaria.
13) Potenciarase a autoaprendizaxe significativa (desenrolo da capacidade de aprender a aprender).
14) Tratarase de fomentar o traballo cooperativo.

Avaliación.

Sen perxuicio do carácter individualizado que debe te-la avaliación, para a elaboración dos criterios de avaliación do alumnado que reciba esta medida de apoio ás aprendizaxes básicas, teranse en conta os criterios establecidos con carácter xeral para o grupo de referencia.

Entendemos que a avaliación, sobre todo nos agrupamentos específicos, debe ter un valor formativo, polo que estará unida ó proceso de aprendizaxe.

Utilizaranse instrumentos de avaliación variados coma:

- Probas escritas, tanto tipo test coma de construir, desenrolar, calcular, debuxar, etc.
- Traballo diario.
- Caderno, etc., así como as técnicas de observación, análise conxunto das actividades da aula, autoavaliación…., facendo o alumno conscente do seu proceso de aprendizaxe.

Estos dous últimos puntos terán un peso maior do establecido para os diferentes grupos, podendo acadar tanta importancia coma a cualificación das probas que se fagan, sempre que se teña a certeza de que o traballo observado foi realmente feito polo alumno.

Especial interese terá a avaliación inicial co fin de axustar ós distintos niveis de alumnado os distintos compoñentes do proceso de ensino-aprendizaxe, contidos, actividades, etc.

Currículo.

Con carácter xeral, estes alumnos deben te-los mesmos obxectivos co seu grupo de referencia, aínda que se poidan adaptar contidos de cursos anteriores cando se vexa necesario. É importante considerar as posibilidades de acada-los obxectivos mínimos propostos para o grupo de referencia, aínda que se incida únicamente no tratamento dos contidos básicos, pois neste principio baséase a posibilidade de que o alumnado poida reincorporarse ó seu grupo de referencia.

INDICADORES DE LOGRO EN 2º DA E.S.O. ADAPTADOS O AGRUPAMENTO ESPECÍFICO. (contidos mínimos)

Mantéñense os establecidos para o segundo curso agás o tachado. As operacións terán menor complexidade pero abaracarán os mesmos temas ca se fose no curso normal.

- ✓ Coñecer os criterios de divisibilidade mais sinxelos e empregados. Face-la descomposición factorial dun número. Calcular o M.C.D. e do m.c.m. de dous números . Operar con potencias de números enteiros.
- ✓ Comprender o significado das raíces cuadradas (en casos sinxelos no caso das cúbicas) de números enteiros. Facer comprobacións. Obter raíces cuadradas aproximadas.
- ✓ Operar con potencias de base dez. Distinguir claramente entre potencia e múltiplo.
- ✓ Coñecer e empregar adecuadamente a prioridade e xerarquía das operacións. Introducir paténteses. Quitar parénteses
- ✓ Facer estimacións, aproximacións e redondeos con números decimais. Os decimais e as fraccións: expresar fracción como decimais e decimais como fraccións. Interpretar as fraccións. Pasar fraccións a común denominador. Comprobar se dúas fraccións son equivalentes.
- ✓ Manexar axeitadamente as catro operacións fundamentais con números fraccionarios, e as potencias de expoñente natural de números fraccionarios.
- ✓ Coñecer e recoñecer magnitudes directa e inversamente proporcionais. Situación nas que interveñen e cálculo. Resolver exercicios sinxelos de proporcionalidade simple directa.. Facer repartos proporcionais e calcular porcentaxes: aumentos e diminucións porcentuais, descontos e rebaixas, cálculo do total coñecida a parte, cálculo do valor inicial coñecido o valor final e o tanto por cento de rebaixa.
- ✓ Coñecer e empregar as medidas de volume e capacidade no sistema métrico decimal, os múltiplos e os divisores.
- ✓ Coñecer as medidas usuais do tempo e dos ángulos: múltiplos e submúltiplos. Empregar os instrumentos ordinarios para tales medidas (reloxio, transportador e outros).
- ✓ Traducir a linguaxe algebraica enunciados de exercicios e problemas. Resolver ecuacións de primeiro grao e de sistemas de ecuacións lineais con dúas incógnitas. Interpretar e comprobación das solucións obtidas.
- ✓ Coñecer as novas funcións da calculadora científica empregadas no curso e empregar a calculadora cando as situacións o aconsellen.
- ✓ Construir polígonos regulares. Calcular perímetros e áreas deses polígonos, da circunferencia e do círculo
- ✓ Resolver problemas onde se impliquen as figuras geométricas estudiadas así coma as súas longitudes e superficies.
- ✓ Recoñecer figuras semellantes. Exemplos. Razón de semellanza: construcción e interpretación de planos e escalas. Aplicar o teorema de Thales.
- ✓ Enunciar o teorema de Pitágoras e aplicalo na resolución de triángulos rectángulos.
- ✓ Coñecer os elementos básicos da xeometría do plano, as coordenadas cartesianas no plano. Localizar un punto no plano polas suas coordenadas cartesian
- ✓ Corpos xeométricos elementais: clasificación e descripción. Construir con papel e/ou cartoliña de ortoedros, prismas, cilindros e conos. Calcular a sua superficie e volume.
- ✓ Describir a esfera.-
- ✓ Resolver problemas onde interveñanan as áreas e volumen dos corpos xeométricos.
- ✓ Empregar a calculadora na resolución de problemas. Anlizar e discutir os resultados.
- ✓ Calcular as coordenadas dun punto no plano. Representar un punto dadas as súas coordenadas. Empregar a nomenclatura axeitada.
- ✓ Representar funcións de proporcionalidade directa, polinómicas de graos cero e un. Representar relacións da vida real, próximas a actividade e ámbito do alumno. Interpretar gráficas que resumen informacións de diferentes actividades.

- ✓ Construir, ordear, representar obter e interpretar (partindo de datos numéricos) información estatística, calculando e interpretando os parámetros de centralización máis sinxelos (media, mediana e moda).

Criterios de cualificación.

Faránse tres avaliacións. En cada avaliación faránse o nº de probas que o profesor considere oportuno (por tratarse de un curso especifico, é posible que se fagan repetidas probas de recuperación).

Os exames supoñen o 80% da nota final, quedando o 20% restante para premiar a actitude positiva na clase.

En cada proba escrita indicaráse o valor de cada exercicio. A nota final será a media aritmética das tres avaliacións.

Ao principio de cada curso, establécese o desglose relativo á cualificación cualitativa (actitude na clase)

CÁLCULO CIENTÍFICO-MATEMÁTICO

(1º Bac)(1hora semanal)

OBXECTIVOS.

***** Realizar investigacions e explorar fenómenos formulando modelos aos que se axusten, aplicando os conceptos, procedementos e métodos estatísticos e numéricos para adquirir unha formación científica xeral.

* Valorar os métodos estatísticos e numéricos dende dous puntos de vista, esto é, comprendendo o que aportan ao desenrolo da sociedade actual e explorando as interrelacións coas disciplinas ás que sirve: ciencias físicas da vida, ciencias sociais e tecnoloxía, e das que se sirve como fonte necesaria para o seu desenvolvemento, adquirindo as actitudes asociadas a elas como a análise crítica, o cuestionamento ante ideas intuitivas, a necesidade de verificación e interpretación de resultados ou a búsqueda dunha medida da incertidume.

* Empregar os coñecementos estatísticos, en particular as técnicas de expresión gráfica, e o vocabulario axeitado para analizar, interpretar, comunicar e valorar a información que aparece nos medios de comunicación e noutros ámbitos.

* Resolver problemas da actividade cotiá, científica e tecnolóxica, utilizando os métodos estatísticos e numéricos adecuados, confrontando os puntos de vista aleatorios cos deterministas con unha base racional e obxectiva, e valorando a necesidade da verificación e interpretación dos resultados.

* Construir e manexar a folla de cálculo.

*Técnicas de contar. Variacións , permutacións e combinacións.

CCM (1º Bac)

CONTIDOS:

UNIDADE1. RECOLLIDA E TABULACIÓN DE DATOS.

-Introducción. Mostra e poboación. Variable estatística. Tipos de variables.
-Etapas da análise estatística. Recollida de datos. Ordeación en táboas.
-Resumo da información recollida. Parámetros estatísticos.
-Análise estatístico de distribucións unidimensionais.
-Frecuencia absoluta.Frecuencia relativa. Frecuencia absoluta acumulada.
-Distribución por datos non agrupados. Distribución por datos agrupados. Marca de clase.

UNIDADE 2. REPRESENTACIONS GRÁFICAS.

-Gráficas
-Diagrama de barras
-Histograma.
-Polígono de frecuencias.

UNIDADE 3. MEDIDAS DE POSICIÓN E DE DISPERSIÓN.

-Media. Mediana. Moda.
-Cuantiles
-Recorrido .Recorrido intercuartílico. Desviación media. Varianza. Desviación típica.
-Coeficiente de variación de Pearson.

UNIDADE 4.ESTATÍSTICA DESCRIPTIVA BIDIMENSIONAL.

-Distribucións bidimensionais. Correlación e regresión lineal: Cálculo da recta de regresión e do coeficiente de correlación facendo uso da calculadora. Interpretación dos coeficientes obtidos.
- Prediccións estatísticas e ámbito de aplicación.

UNIDADE 5. FOLLA DE CÁLCULO

UNIDADE 6. COMBINATORIA.

UNIDADE 7. INTERPOLACION

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Unidade1.- Describir e comparar conxuntos de datos de distribucións unidimensionais despois de agrupalos en táboas de frecuencias. Interpretar un fenómeno a través de unha gráfica.
Unidade 2.-Distintas representacións gráficas.
Unidade 3.-Saber analizar as diferentes medidas de centralización e de dispersión.
Unidade 4.- Describir e comparar conxuntos de datos bidimensionais. Interpretar a posible relación entre duas variables mediante o coeficiente de correlación , valorando a pertinencia de axustar unha recta de regresión e de realizar predicción a partires dela.
Unidade 5.-Construie e manexar unha folla de cálculo.
Unidade 6.- Estudiar e utilizar técnicas de contar a traves da combinatoria , para resolver problemas de probabilidade.
Unidade 7.- Problemas de interpolación lineal e cadrática.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES./Procedementos e instrumentos para a avaliación

Unidade 1.- Elaborar táboas de frecuencias. Calcular os parámetros estatísticos mais usuais./ **CAD,PE**
Unidade 2.- Interpretar diferentes gráficas estatísticas./**CAD,PE**
Unidade 3.- Calcular as medidas de centralización e de dispersión mais habituais/**PE**.
Unidade 4.-Elaborar táboas bidimensionais con variables discretas e contínuas. Calcular os parámetros estatísticos mais usuais.Achar as distribucións marxinais e as condicionadas. Decidir si duas variables estatísticas son mais ou menos dependentes, cuantificando a dependencia co coeficiente de correlación. Rectas de regresión./**PO,PE**
Unidade 5.-Prantexar e resolver problemas usando a folla de cálculo./**CAD, PE**
Unidade 6.- Estudiar e diferenciar variacións , permutacions e combinacións./**PO,PE**

Unidade 7.- Calcular resultados aproximados dun experimento a traves dunha interpolación./**PE**

INDICADORES DE LOGRO.(Os contidos mínimos coinciden cos indicadores de logro)

Unidade 1.- Agrupar datos en táboas de frecuencia.
Unidade 2.-Representacións gráficas: poligonal de frecuencias, diagrama de barras, histograma.
Unidade 3.- Calcular media aritmética, mediana, moda e percentiles. Achar a desviación típica e a varianza.
Unidade4.-Interpreta unha táboa bidimensional e calcula os parámetros estatísticos. Razona si duas variables estatísticas son ou non dependentes. Cálculo do coeficiente de correlación. Calcular as rectas de regresión e facer predicción a partires delas. Avalía a fiabilidade destas predicción mediante o coeficiente de determinación lineal.
Unidade 5.-Manexar unha folla de cálculo para estudiar medidas de centralización e de dispersión.
Unidade 6.- Resover problemas sinxelos de combinatoria.
Unidade 7.-Utilizar a interpolación para facer predicións .

CÁLCULO MATEMÁTICO CIENTIFICO (2º Bac)(1 hora semanal)

CMC (2º Bac)

OBXECTIVOS.

***** Realizar investigacions e explorar fenómenos formulando modelos aos que se axusten, aplicando os conceptos, procedementos e métodos estatísticos e numéricos para adquirir unha formación científica xeral.
* Valorar os métodos estatísticos e numéricos dende dous puntos de vista, esto é, comprendendo o que aportan ao desenrolo da sociedade actual e explorando as interrelacións coas disciplinas ás que sirve: ciencias físicas da vida, ciencias sociais e tecnoloxía, e das que se sirve como fonte necesaria para o seu desenvolvemento, adquirindo as actitudes asociadas a elas como a análise crítica, o cuestionamento ante ideas intuitivas, a necesidade de verificación e interpretación de resultados ou a búsqueda dunha medida da incertidume.
* Empregar os coñecementos estatísticos, en particular as técnicas de expresión gráfica, e o vocabulario axeitado para analizar, interpretar, comunicar e valorar a información que aparece nos medios de comunicación e noutros ámbitos.
* Resolver problemas da actividade cotiá, científica e tecnolóxica, utilizando os métodos estatísticos e numéricos adecuados, confrontando os puntos de vista aleatorios cos deterministas con unha base racional e obxectiva, e valorando a necesidade da verificación e interpretación dos resultados.
*Estudio da probabilidade e da probabilidade condicionada.Concepto de variable aleatoria. Distribucions binomial e normal. Problemas e aplicacións.

CMC (2º Bac)

CONTIDOS:

UNIDADE 1. COMBINATORIA.
-Variacións. Variacións con repetición. Permutacións.

-Combinacións. Números combinatorios.Propiedades, aplicacións.

UNIDADE 2. PROBABILIDADE. PROBABILIDADE CONDICIONADA.

-Experimentos aleatorios e sucesos.
-Concepto de probabilidade.Propiedades. Regra de Laplace.
-Sucesos dependentes e independentes. Probabilidade condicionada.
-Teorema das probabilidades totais. Teorema de Bayes.

UNIDADE 3. VARIABLES ALEATORIAS CONTÍNUAS E DISCRETAS.

-Variables aleatorias contínuas e discretas. Exemplos.
-Función de masa de probabilidade.Función de densidade. Función de distribución dunha variable aleatoria.
-Distribución de probabilidade binomial e normal. Exemplos e problemas.
-Parámetros mais importantes.
-Características de ámbalas dúas distribucións
-Cálculo de probabilidades empregando as distribucións binomial e normal, manexando as correspondentes táboas.
-Aproximación da binomial pola normal.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Unidade 1.- Manexo a traves da combinatoria de distintas técnicas de contar.
Unidade 2.-Asignar probabilidades a sucesos coa regra de Laplace e con técnicas de reconto en distintos contextos: sociais, económicos etc. Estudiar a probabilidade condicionada e dependencia de sucesos.
Unidade 3.-Identificar fenómenos que poden modelizarse coa distribución binomial e coa distribución normal.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES./Procedementos e instrumentos para a avaliación.

Unidade 1. Estudiar variacions, variacións con repetición, permutacións e combinacións./**PO,PE**
Unidade 2.- Calcular a probabilidade de sucesos. Probabilidade condicionada. Teorema de Bayes./**OBS,PO,PE**
Unidade 3.- Función de probabilidade e función de densidade de variables aleatorias discretas e contínuas, respectivamente. Distribucións binomial e normal. Caso no que a distribución binomial pode aproximarse por unha distribución normal./**PE**

INDICADORES DE LOGRO.

Unidade 1.-Resolve problemas donde se utiliza a combinatoria como técnica para contar.
Unidade 2.-Calcula probabilidades e probabilidades condicionadas.
Unidade 3.- Constrúe funcións de probabilidade e fucións de densidade nos casos discreto e contínuo, respectivamente. Calcula probabilidades asociadas a distribucións binomiais e a distribucións normais. Razoa e argumenta para situacións relacionadas co azar. Distingue fenómenos que poden modelizarse pola distribución normal, e valora a sua importancia nas ciencias sociais.

XEOMETRÍA CON GEOGEBRA (1º ESO, 1h semanal)

INTRODUCIÓN

GeoGebra é un software libre de matemáticas para educación en todos os niveis que reúne, dinamicamente, aritmética, xeometría, álxebra e cálculo nun único conxunto tan sinxelo a nivel operativo como potente. Ofrece representacións diversas dos obxectos desde cada unha das súas posibles perspectivas: vistas gráficas, alxébricas, estatísticas e de organización en táboas e planillas e follas de datos dinamicamente vinculadas.

Desde esta materia, programada para 1º ESO, traballarase a xeometría plana con esta potente ferramenta que permite ao alumno construír a súa aprendizaxe de forma significativa. Cada alumno traballará desde o seu ordenador realizando as actividades pautadas.

1. POR QUE É INTERESANTE EMPREGAR GEOGEBRA?

- Ademais **da gratuidade e a facilidade de aprendizaxe**, a característica máis salientable de GeoGebra é a **dobre percepción dos obxectos**, xa que cada obxecto ten dous representacións, unha na **Vista Gráfica (Xeometría)** e outra na **Vista Alxébrica (Álxebra)**. Desta forma, establécese unha permanente conexión entre os símbolos alxébricos e as gráficas xeométricas.
- Todos os obxectos que imos incorporando na zona gráfica corresponderalle unha expresión na vista alxébrica e viceversa.
- Posúe características propias dos programas de **Xeometría Dinámica** (DGS) pero tamén dos programas de **Cálculo Simbólico** (CAS). Incorpora a súa propia **Folla de Cálculo**, un sistema de distribución de los obxectos por capas e a **posibilidade de animar** manual o automaticamente **os obxectos**.
- Permite **abordar a xeometría** e outros aspectos das matemáticas, **a través da experimentación e a manipulación** de distintos elementos, facilitando a realización de construcións para **deducir resultados e propiedades** a partir da observación directa.

- ✓ É gratuíto e de código aberto (GNU GPL).
- ✓ Está dispoñible en castelán e en galego, incluído o manual de axuda.
- ✓ Presenta foros en varios idiomas, o castelán e o galego entre eles.
- ✓ Emprega a multiplataforma de Java, o que garante a súa portabilidade a sistemas de Windows, Linux, Solaris o MacOS X.

2. FORMAS DE TRABALLAR CON GEOGEBRA

GeoGebra permite abordar la xeometría desde una forma dinámica e interactiva que axuda aos estudantes a visualizar contidos matemáticos que son máis complicados de afrontar desde un debuxo estático.

Tamén permite realizar construcións de xeito fácil e rápido, cun trazado exacto e real, que ademais, revelarán as relacións existentes entre a figura construída; tamén permitirá a transformación dinámica dos obxectos que a compoñen.

Ferramenta do estudante:

- **Manipular** construcións realizadas por outras persoas e deducir relacións, resultados e propiedades dos obxectos que interveñen.

- Para **realizar** construcións desde cero, xa sexan dirixidas ou abertas, de **resolución** ou de **investigación**.

XEOMETRÍA CON GEOGEBRA

Obxectivos xerais

1. Coñecer e manipular GeoGebra como ferramenta clave en todo o desenvolvemento da materia.
2. Ampliar as aplicacións didácticas dos recursos tecnolóxicos.
3. Coñecer e construír elementos básicos da xeometría plana, así como as súas propiedades e relacións (Puntos, rectas, ángulos).
4. Coñecer e construír figuras planas, así como os seus elementos e propiedades.

Ademais destes obxectivos propios da materia, esta contribúe de forma notoria a alcanzar obxectivos xerais de etapa, como:
e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.
f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias.
g) Desenvolver o espírito emprendedor e de confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades

Contidos

A continuación desenvolvemos os contidos e obxectivos da optativa, pero previamente temos que incluír un tema no que poñer ao alumnado en contacto co software que imos a empregar e coa plataforma da Aula Virtual do centro
TEMA 0:
Aula Virtual: descrición e instrucións
Introdución a Geogebra: descrición básica do entorno no que se vai traballar

- Vistas: alxébrica, gráfica1, gráfica2 e CAS
- Menú
- Ferramentas

Contidos	Obxectivos	Estándares de aprendizaxe
Tema 1 • Ángulos. Medida e clasificación de ángulos. • Trazado de rectas paralelas e perpendiculares. • Ángulos complementarios e suplementarios.	• Coñecer a construción de rectas paralelas. • Distinguir os conceptos de recta secante, recta paralela e recta perpendicular. • Coñecer os conceptos de ángulos consecutivos, ángulos opostos polo vértice. • Propiedades dos ángulos complementarios e suplementarios. • Manipular as ferramentas básicas da vista gráfica de GeoGebra. • Aplicar os conceptos alxébricos e xeométricos relativos aos ángulos	1º MAB1.11.4 MAB1.12.4 MAB3.2.1 MAB1.6.2 MAB1.6.3 MAB3.1.4 3º

• Ángulos entre rectas paralelas cortados por unha secante • División dun segmento en partes iguais	complementarios y suplementarios. • Entender e diferenciar as relacións xeométricas e numéricas entre ángulos correspondentes, ángulos alternos internos e ángulos alternos externos. • Aplicar conceptos relacionados co Teorema de Thales. • Modificar de forma interactiva o número de divisións do segmento mediante a introdución dun esvarador. • Usar o texto dinámico para expresar ás conclusións da actividade. • Amosar os pasos da construción unha vez rematada.	MACB3.1.2 MACB3.2.2
Tema 2 • Bisectriz • Mediatriz	• Construír lugares xeométricos sinxelos partindo da súa definición. • Comprobar as súas propiedades. • Usar o texto dinámico para expresar ás conclusións da actividade. • Amosar os pasos da construción unha vez rematada.	1º MAB1.11.4 MAB1.12.4 MAB1.6.2 MAB1.6.3 3º MAPB3.1.1 MAPB3.12
Tema 3 • Polígonos: Triángulos • Relación entre os elementos do triángulo • Ángulos nos polígonos • Rectas e puntos notables no triángulo • Teorema de Pitágoras.	• Coñecer a construción do punto medio de forma xeométrica • Coñecer os elementos notables do triángulo e as súas propiedades • Aplicar conceptos relacionados cos lugares xeométricos no triángulo • Comprobar as relacións de proporcionalidade que se presenten en relación co lugar xeométrico • Aplicar os conceptos alxébricos e xeométricos relativos ao teorema de Pitágoras • Utilización de ferramentas de GeoGebra sinxelas • Uso de texto dinámico e a vista gráfica 2 para expresar ás conclusións da actividade • Uso de casillas de verificación para amosar as conclusións da actividade	1º MAB1.11.4 MAB1.12.4 MAB3.1.1 MAB3.1.2 MAB1.6.2 MAB1.6.3 2º MAB3.1.1 MAB3.1.2
Contidos	Obxectivos	Estándares de aprendizaxe
Tema 4 • Polígonos: Cuadriláteros • Clasificación • Propiedades xeométricas • Simetrías	Coñecer e diferenciar as propiedades xeométricas dos cuadriláteros, paralelogramos e outras figuras planas Analizar as simetrías dos cuadriláteros, paralelogramos e outras figuras planas Usar o texto dinámico para expresar ás conclusións da actividade.	1º MAB1.11.4 MAB1.12.4 MAB3.1.3 MAB1.6.2

	Amosar os pasos da construción unha vez rematada.	MAB1.6.3
Tema 5 • Circunferencia	Coñecer a circunferencia e o círculo e os seus elementos Coñecer as relacións de ángulos na circunferencia Recoñecer as posicións relativas de rectas e circunferencias	1º MAB1.11.4 MAB1.12.4 MAB3.14 MAB3.2.2 MAB1.6.2 MAB1.6.3

Actividades :

1. Tema 0
   1.1. Realizar unha construción empregando as ferramentas de punto, recta, segmento, ángulo...
   1.2. Nunha construción dada empregar a pestana de propiedades para cambiar a presentación: cores, etiquetas... A continuación subir o arquivo a Aula Virtual
   1.3. Elaboración dun texto sinxelo con GeoGebra
   1.4. Construír un segmento AB de cor verde, sen etiqueta e unha recta que pase por B e un terceiro punto C de cor azúl e sen etiqueta. Engadir un texto no que figure a lonxitude do segmento e a medida do ángulo que forman o segmento e a recta. Unha vez rematada subir o arquivo a Aula Virtual. ***PFT***
2. Tema 1
   2.1. Realiza unha construción dinámica que amose a relación xeométrica e numérica entre ángulos complementarios e suplementarios.
   2.2. Realiza unha construción dinámica que amose a relación xeométrica e numérica entre todos os ángulos comprendidos entre dúas rectas paralelas cortadas por unha secante. Completa a construción indicando os tipos de ángulos que cumpran cada unha das relacións ou propiedades.
   2.3. Quérese dividir un segmento AB en 4 partes iguais.
   2.4. Realiza unha construción que permita dividir un segmento nun número arbitrario de partes entre 2 e 20. ***PFT***
3. Tema 2
   3.1. Realizar unha construción na que se despois de construír a mediatriz se amose a propiedade do lugar xeométrico
   3.2. Realiza unha construción na que unha vez construída a bisectriz se poida comprobar a propiedade do lugar xeométrico
   3.3. Dous pobos, separados entre sí 7 Km, están cerca dunha liña férrea (recta), un deles está a 3 km da liña e o outro a 4 km. Atopa un

punto en dita liña para facer un apeadero de xeito que quede á mesma distancia dos dous. ***PFT***

4. Tema 3
   - 4.1. Realiza unha construción con distintos tipos de triángulos, e analiza sobre a mesma estudos de simetrías.
   - 4.2. Realiza una construción na que se amose alternativamente as distintas rectas notables dun triángulo e o punto notable correspondente en cada caso.
   - 4.3. Realiza unha construción que amose as relacións dos ángulos nun polígono e os elementos do mesmo: apotema, raio, eixos de simetría.
   - 4.4. Demostrar analiticamente, empregando o Teorema de Pitágoras, que nun triángulo rectángulo se cumpre o seguinte: "O semicírculo de diámetro a hipotenusa ten por área a suma das áreas dos semicírculos con diámetros nos dous catetos"
   - 4.5. Nunha finca triangular aberta ponse a pacer un animal suxeito por una corda fixada nun punto interior da finca. En que lugar debe ir fixada a corda e cal debe ser a súa medida para que o animal aproveite a extensión máxima posible sen saírse de dita finca? ***PFT***
   - 4.6. Quérese partir unha finca triangular en seis anacos tamén triangulares de igual área. Existe un punto do interior do triángulo do que se pode partir para conseguir este obxectivo?. Realiza unha construción que o demostre. ***PFT***

5. Tema 4
   - 5.1. Construción dun cuadrilátero ABCD
   - 5.2. Construción dun trapecio ABCD, con AB paralelo a CD
   - 5.3. Construción dun paralelogramo ABCD, con AB paralelo a CD e BC paralelo a AD
   - 5.4. Construción dun rectángulo ABCD, con AB paralelo a CD e AB perpendicular a AD
   - 5.5. Construción dun cadrado ABCD e un rombo ABCD
   - 5.6. Construír un romboide ABCD con AB=BC e CD=DA
   - 5.7. Debuxa un paralelogramo con dous eixes de simetría.
   - 5.8. Debuxa un cuadrilátero con dous pares de ángulos iguais e que non sexa paralelogramo ***PFT***
   - 5.9. Debuxa un rombo de diagonais 6 cm e 8 cm. Calcula a lonxitude do lado e comproba o resultado coa axuda das vistas de GeoGebra (busca o valor do lado na vista alxébrica ou escríbeo en CAS) ***PFT***

6. Tema 5
   - 6.1. Realiza unha construción na que estude as posicións relativas de dúas circunferencias, variando, mediante un esvarador, os raios e os centros.
   - 6.2. Realiza unha construción na que estude as posicións relativas dunha circunferencia e unha recta, variando, empregando un esvarador, o raio da circunferencia, indicando os elementos da circunferencia que se poden obter e analizando a posición do raio da circunferencia con respecto a unha corda e a unha recta tanxente
   - 6.3. Unha recta pasa a 18 cm. do centro dunha circunferencia de raio 19,5 cm. Corta a recta á circunferencia? Calcula a lonxitude da corda que determina nela ***PFT***
   - 6.4. Debuxa unha circunferencia de 5 cm de raio e un triángulo cuxos lados sexan: un secante á circunferencia, outro tanxente e outro exterior ***PFT***

Metodoloxía

O alumnado terá á súa disposición, na aula virtual, unha guía, paso a paso, de cada unha das actividades, agás os proxectos de fin de tema(PFT).
Para que o alumnado entregue as actividade para a súa avaliación existen dúas opcións:
1. Gardar o ficheiro nun pendrive e entregalo.
2. Subir o ficheiro á aula virtual como tarefa nun curso Moodle.

Temporalización
1º Trimestre: Tema 0 e 1
2º Trimestre: Temas 2 e 3
3º Trimestre: Temas 4 e 5
Esta temporalización é unha estimación e queda suxeita a variación, xa que ao ser a primeira vez que se imparte a optativa, non podemos ter unha idea precisa do tempo necesario para desenvolver cada un dos temas

Procedementos de avaliación
En cada actividade terase en conta: a corrección da mesma (60%), a presentación final: cores, textos e etiquetas (25%) e a entrega no prazo acordado (15%)
A cualificación final de cada avaliación será obtida a partir de una media ponderada entre actitude na clase (20%), a realización das actividades diarias (50%) e a elaboración dos proxectos final de tema (30%)
A cualificación final será a media das tres avaliacións do curso

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da Programación Didáctica

1-Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.

2-Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidaes didácticas/ temas/ proxectos

3- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.

4-Adecuación da secuenciación dos estándares para cad una das unidades, temas ou proxectos.

5-Adecuación do grao mínimo de consecución fixado en cada estándar

6-Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.

7-Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a sua avaliación.

8-Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.

9-Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o depsrtamento.

10-Adecuación da secuencia do traballo na aula.

11-Adecuación dos materiais didácticos utilizados.

12-Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).

13-Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluidas as consecuencias da proba.

14-Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación contínua: probas, traballos,etc.

15- Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.

16-Adecuación dos criterios para avaliación final e pàra a avaliación extraordinaria.

17-Adecuación do seguimento das materias pendentes e da sua avaliación.

18-Adecuación dos programas de apoio vinculados aos estándares.

19-Adecuación de medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.

20-Adecuación dos mecanismos para informar ás familias.

21-Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

Concreción de elementos transversais que se trababallarán na materia.

E.S.O.

1- Comprensión lectora, oral e escrita, a comunicación audiovisual, as TIC e a educación cívica e constitucional.

2- Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade.

3- Fomentar os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e **non discriminación** por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

4- Ao tratar de técnicas de estudio como poden ser as maneiras de facer un resumo, esquemas,etc. falaremos tamén da **actividade física e da dieta equilibrada,** da súa influencia no rendemento na clase e na nosa actitude diaria.

5- Dende a nosa materia , podemos tratar da necesidade de favorecer a convivencia, a tolerancia e o diálogo.

6- No ámbito da **seguridade vial** , facer ver a necesidade do autocontrol e da prudencia , tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Bacharelato.

1-Fomento da equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade.

2-Evitar os comportamentos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación.

3-Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos.

4- Fomento da aprendizaxe e desenvolvemento daquelas prácticas que favorezan o desenrolo sostible e conservación do medio ambiente.

5-Aprendizaxe das medidas básicas para a protección diante de emerxencias e catástrofes.

6-Promover a práctica diaria do deporte e do exercicio físico de todolos alumnos.

7- No ámbito da educación e da seguridade vial, incorporaránse elementos curriculares e promoverán acción para mellorar a convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, a fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario.

AVALIACION DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.

Indicadores de logro do proceso de ensino:

1- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2- Dáse un peso real á observación do traballo na aula
3- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
4- Mantívose un contacto periódico coas familias por parte do profesorado.
5- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
6- Adoptáronse as medidas adecuadas par atender ao alumnado con NEAE.
7- Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
8- Dáselle un peso real á observación do traballo na aula.
9- Valórouse o traballo en equipo.

Indicadores de logro da práctica docente:

1- Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2- Ofrécense a cada alumno as explicacións individualizadas que precise.
3- Elabórans actividades atendendo á diversidade.
4- As probas de avaliación adáptanse ás necesidades do alumnado con NEAE.
5- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6- Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
7- Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas.
8- Móstraselle aos alumnos os exames corrixidos para que visualice e comente os seus acertos e erros.
9- As medidas de apoio, reforzó,etc. Están vinculadas aos estándares.
10- Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ESO

- Un mínimo de duas probas por avaliación.

Unha recuperación para as duas primeiras avaliacións. A recuperación da primeira e da segunda avaliación terá lugar ao inicio do segundo e do terceiro trimestre respectivamente

Os criterios de cualificación aplicados seguirán as seguintes porcentaxes:

- Probas escritas: 80%
- Traballo diario: 20%

Para aprobar cada avaliación a nota terá que ser igual ou superior a 5

- **CUALIFICACIÓN GLOBAL.**

1. Para o alumno con todas as avaliacións aprobadas, a cualificación global do curso resulta da media dos tres trimestres, tendo en conta o progreso do alumno.
2. O alumno cunha avaliación suspensa cunha nota igual o superior a 3, aprobará a asignatura se a media das tres avaliacións é igual ou superior a 5. Se non alcanza esta media procederase como no punto 4.
3. O alumno con 2 ou mais avaliacións suspensas terá un exame final de toda a materia explicada durante o curso. Este exame será elaborado conxuntamente por todos os membros do departamento que impartan dito nivel.
4. O alumno cunha soa avaliación suspensa con nota inferior a 3 poderá recuperar dita avaliación no exame final podendo, se o quixera, presentarse con toda a materia.
5. Para aprobar a materia nos dous supostos anteriores, a nota do exame ha de ser igual o superior a 5.

- **PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO.**

Por último, o alumnado que non supere o proceso de avaliación continua realizada durante o curso terá que realizar unha proba extraordinaria no mes de setembro que incluirá todos os contidos impartidos durante o curso e será elaborada por todos os membros do departamento. Para aprobar a materia o alumno deberá obter una nota igual ou superior a 5.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
PRIMEIRO E SEGUNDO DE BACHARELATO

- Un mínimo de unha proba por avaliación.
- Unha recuperación para as duas primeiras avaliacións. A recuperación da primeira e da segunda avaliación terá lugar ao inicio do segundo e do terceiro trimestre respectivamente.

Os criterios de cualificación aplicados seguirán as seguintes porcentaxes:

- Probas escritas: 90% (80% en adultos)
- Traballo diario: 10% (20% en adultos)

Para aprobar cada avaliación a nota terá que ser igual ou superior a 5

- **CUALIFICACIÓN GLOBAL.**

1. Para o alumno con todas as avaliacións aprobadas, a cualificación global do curso resulta da media dos tres trimestres, tendo en conta a progreso do alumno.
2. O alumno cunha avaliación suspensa cunha nota igual o superior a 3, aprobará a materia se a media das tres avaliacións é igual ou superior a 5. Se non alcanza esta media procederase como no punto 4.
3. O alumno con 2 ou mais avaliacións suspensas terá un exame final de toda a materia explicada durante o curso. Este exame será elaborado conxuntamente por todos os membros do departamento.
4. O alumno cunha soa avaliación suspensa con nota inferior a 4 poderá recuperar dita avaliación no exame final podendo, se o quixera, presentarse con toda a materia.
5. Para aprobar a materia nos dous supostos anteriores, a nota do exame ha de ser igual o superior a 5.

- **PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO.**

Por último, o alumnado que non supere o proceso de avaliación continua realizada durante o curso terá que realizar unha proba extraordinaria no mes de setembro que incluirá todos os contidos impartidos durante o curso e será elaborada por todos os membros do departamento. Para aprobar a materia o alumno deberá obter una nota igual ou superior a 5.

ÍNDICE:

Distribución de grupos e horas----------2
Distribución da docencia----------3
A Matemática: consideracions xerais----------4
Sobre probas, avaliacións, recuperacións e reclamacións----------5
Alumnos coa asignatura pendente de cursos anteriores----------8
Alumnos con especiais dificultades na asignatura----------9
Atención á diversidade----------10
As Matemáticas no ensino secundario. Organización do currículo---------- 11
As Matemáticas na ESO:
Obxectivos:----------13
Procedementos, recursos e criterios para a avaliación. Desglose da cualificación cualitativa-------14
1º ESO (contidos, obxectivos, estándares avaliables, criterios de avaliación, competencias clave e indicadores de logro)----------16
2º ESO (contidos,obxectivos,etc.)----------30
Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas. Introducción----------47
3º ESO (contidos,obxectivos,etc.)----------48
4º ESO (contidos, obxectivos,etc.)----------65
Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas. Introducción----------80
3º ESO (contidos, obxectivos,etc.)----------82
4º ESO (contidos, obxectivos,etc.)----------100

As Matemáticas no Bacharelato:

Obxectivos:----------114
Procedementos, recursos e criterios para a avaliación. Desglose da cualificación cualitativa------115
1º de Bacharelato. Matemáticas I (obxectivos, contidos,etc.)----------116
2º de Bacharelato. Matemáticas II (obxectivos, contidos, etc.)----------131
Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais. Introducción----------146
1º de Bacharelato. Mat. Aplicadas (obxectivos, contidos,etc.)----------148
2º de Bacharelato,. Mat. Aplicadas (obxectivos, contidos,etc.)----------164

Temporalización:

1º ESO----------175
2º ESO----------176
3º ESO (académicas)----------177
3º ESO (aplicadas).....178
4º ESO (aplicadas)----------179
4º ESO (académicas)----------180
1º Bac-Matemáticas I ----------181
1º Bac-Mat. aplicadas----------182
2º Bac- Matemáticas II ----------183
2º Bac.Mat. aplicadas----------184
Actividades extraescolares----------185
Bibliografía----------185
Agrupamento específico----------186

Indicadores de logro en 2º de ESO adaptados ao agrupamento específico----------188

Criterios de calificación para o agrupamento específico---------- 189

Cálculo científico-matemático (1º Bac) (contidos, estándares de aprendizaxe,etc.)----------190

Cálculo matemático-científico (2º Bac)-(contidos, estándares de aprendizaxe,etc.)----------194

Xeometría con GeoGebra (1º ESO)------ ---------- 197

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación…… 203

Concreción dos elementos transversais que se traballarán na materia.----------204

Avaliación do proceso de ensino e a práctica docente: Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente----------205

Esquema para os criterios de cualificación ESO 207

Esquema para os criterios de cualificación BACHARELATO 208

INDICE----------210

Asinaturas----------213

Asinaturas:

Rosa Caeiro Sánchez

Teresa Castro Paz

Fernando Castro Rodríguez

Mª Victoria Fraga González

Beatriz García Sanz

Cruz López Quintela

Victoria Peinador Veira

Cecilia Pensado Banet